



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Ciencias da Educación

Curso Académico: 2018-2019

Fase	Fase Unidade/Órgano	Data
Aprobación	Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación	04/02/2021
Informe técnico	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	04/02/2021
Aprobación	Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias da Educación	11/02/2021
Aprobación	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	03/03/2021

1. Introducción	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	7
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	7
☐ Informe de execución do Plan de Melloras Anual da Facultade de Ciencias da Educación, 2018-19 (aprobado pola Comisión de Calidade o 10/09/2020)	8
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	24
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado	30
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	46
☐ Persoal académico	46
☐ Experiencia docente e investigadora do profesorado	49
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	58
Directriz 6. Información pública	65
3. Plan de Melloras do Centro 2019-20	66
4. Listaxe de evidencias e indicadores	76

1. Introducción

A Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do Centro así como do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo. Esta memoria elabórase de acordo co proceso *PE-02, Revisión e Mellora*, do SGC da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O documento organízase en dous capítulos principais:

1. Seguimento do SGC e dos seus resultados, estruturado internamente conforme ás seis directrices do Sistema FIDES-AUDIT.
2. Plan de Melloras Anual, no que se actualizan os obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para acadalos.

A estes dous capítulos principais engádense outros dous, de carácter instrumental: un no que se rexistran as modificacións introducidas nos Títulos obxecto desta memoria, e outro que recolle a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e dispoñibles para as eventuais avaliacións externas.

Para contextualizar esta memoria, convén antes de nada facer constar as titulacións oficiais das que se ocupa e os órganos responsables do seu desenvolvemento. Na Facultade de Ciencias da Educación da USC, no curso obxecto desta memoria (2018-19), impartíronse os seguintes estudos:

- Grao en Pedagogía. Código RUCT: 2501110; Código USC G3081
- Grao en Educación Social. Código RUCT: 2501109; Código USC G3091
- Grao en Mestre/a en Educación Infantil (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo). Código RUCT: 2502228; Código USC G3121
- Grao en Mestre/a en Educación Primaria (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo). Código RUCT: 2502229; Código USC G3141
- Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo). Código RUCT: 4311008; Código USC P3241
- Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario. Código RUCT: 4311773; Código USC P3091
- Máster Universitario en Procesos de Formación. Código RUCT: 4311781; Código USC P3261
- Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación. Código RUCT: 4315428; Código USC P3022
- Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria. Código RUCT: 4316441; Código USC P3401. Compartido coa Universidade da Coruña e coa Universidade de Vigo.

Infórmase, a continuación, dos **mecanismos de coordinación** dos Títulos Intercentros e Interuniversitarios impartidos no Centro.

A Facultade de Ciencias da Educación imparte **Títulos Intercentros**, coa [Facultade de Formación do Profesorado de Lugo](#) (Grao en Mestre/a en Educación Infantil, Grao en Mestre/a en Educación Primaria, Dobre Grao en Mestre/a en Educación Infantil e Primaria e Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas) e un **Título**

Interuniversitario (Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria).

- **Grao en Mestre/a en Educación Infantil e Grao en Mestre/a en Educación Primaria. Dobre Grao Mestre/a en Educación Infantil e Mestre/a en Educación Primaria** (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)

Ao tratarse de dous Títulos de Grao impartidos en dous centros e campus diferentes, por recomendación da ACSUG, constituíuse unha Comisión de Coordinación Intercentros, cuxas competencias se estenden tanto ao Grao en Mestre/a de Educación Infantil como ao Grao en Mestre/a de Educación Primaria. Durante o curso 2016-17 esta comisión foi redeseñada para modificar a súa composición, delimitar as súas funcións e establecer o procedemento para o seu funcionamento, así como a periodicidade das súas reunións.

Nos informes de seguimento de ambos títulos ([Grao en Mestre/a en Educación Infantil](#) e [Grao en Mestre/a en Educación Primaria](#)) dáse conta deste proceso e preséntanse as actas (E5) das reunións do Comité Intercentros realizadas nos dous últimos anos:

- 16 de xaneiro de 2017
- 6 de abril de 2018
- 14 de marzo de 2019

En relación á coordinación do Dobre Grao infórmase que nas distintas xuntanzas dos graos realizadas na Facultade de Ciencias da Educación, tanto conxuntas como separadas, tratáronse cuestións relativas ao Dobre Grao de Infantil e Primaria. Na Facultade de Formación do Profesorado, e ao non tratarse dun título específico, todas as cuestións relativas ao Dobre Grao preséntanse e débátese nas reunións conxuntas das Comisións de Título dos Graos de Primaria e Infantil. Nestas xuntanzas analízase a marcha do curso e trátase calquera incidencia xurdida tantos nos Graos como no Dobre Grao. Na reunión ordinaria celebrada a final de curso revísanse ademais os informes da coordinación do Dobre Grao, que inclúen á súa vez os informes dos delegados dos diferentes cursos desta dobre titulación. Na xuntanza correspondente ao curso 2018-2019 analizouse a marcha dos tres cursos do Dobre Grao implantados.

- **Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas** (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)

O plan de estudos impártese na Facultade de Ciencias da Educación (FCE), campus de Santiago, e na Facultade de Formación do Profesorado (FFP), campus de Lugo. O elevado número de docentes e áreas de coñecemento que participan no seu desenvolvemento, así como as distintas especialidades e itinerarios ofertados demandan unha coordinación constante entre todos os axentes involucrados para que o desenvolvemento do título acade resultados satisfactorios. O principal instrumento que vela pola xestión do Máster é a **comisión académica**, que está constituída coa presenza e participación de representantes dos centros de impartición e ten sede no centro responsable da titulación. Funciona como unha comisión Intercentros. Este é un punto forte na coordinación do Máster, porque a súa fragmentación en dúas comisións prexudicaría ás dinámicas de traballo conxuntas e moito do labor que se realiza en cada centro non resultaría operativo. De feito, a elaboración de programas, calendarios e guías docentes de Prácticum e Traballo Fin de Máster comúns a ambos centros vén sendo unha boa práctica para a organización e funcionamento da titulación.

No [Autoinforme de Seguimento do Título \(2018-19\)](#) dáse conta deste proceso e preséntanse as actas (E5) das reunións do Comité Intercentros realizadas nos dous últimos anos:

- 19/09/2017
- 21/09/2017
- 24/11/2017
- 01/02/2018
- 03/04/2018
- 21/05/2018
- 08/10/2018
- 21/11/2018
- 20/12/2018
- 07/02/2019
- 15/03/2019
- 26/04/2019
- 18/06/2019
- 26/06/2019
- 29/07/2019

Con relación á coordinación convén destacar que, ademais das reunións realizadas en cada unha das universidades polo profesorado das distintas materias (que están compartidas entre diferentes áreas de coñecemento), as relativas ao Prácticum e ao TFM, e as da comisión académica do Máster, celebrouse unha reunión da comisión académica interuniversitaria na que se trataron especificamente aspectos relacionados coa coordinación. Nesta reunión fíxose unha revisión xeral do TFM, na que se aprobou que houbera presenza de propostas de innovación ademais das de investigación.

- **Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria. Compartido coa Universidade da Coruña e coa Universidade de Vigo.**

Infórmase que ademais das reunións realizadas en cada unha das universidades polo profesorado das distintas materias (que están compartidas entre diferentes áreas de coñecemento), as relativas ao Prácticum e ao TFM, e as da comisión académica do Máster, celebrouse unha reunión da comisión académica interuniversitaria na que se trataron especificamente aspectos relacionados coa coordinación. Nesta reunión fíxose unha revisión xeral do TFM, na que se aprobou que houbera presenza de propostas de innovación ademais das de investigación.

O **número do estudiantado matriculado** en cada un dos títulos e o **número de profesorado** que impartiu docencia nos mesmos no curso de referencia foi o seguinte:

Titulación	Estudantes¹	Docentes²
Grao en Pedagogía	290	61
Grao en Educación Social	338	56
Grao en Mestre/a en Educación Infantil	353	57
Grao en Mestre/a en Educación Primaria	608	105
Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación	18	-

¹ IN02C

² E15

Primaria		
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas	246	89
Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario	37	20
Máster Universitario en Procesos de Formación	22	22
Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación	39	11
Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	20	22

O **persoal de administración e servizos** da Facultade de Ciencias da Educación ascende a un total de 35 traballadores:

Persoal da Facultade³

Área de Administración	13
Área de Conserxería	10
Área de Biblioteca	12

Os **órganos** para o desenvolvemento do SGC son os seguintes:

Unipersoais	Colexiados
Decana / Responsable de	Equipo decanal
Calidade	Comisión de Calidade do Centro (CCC)
Coordinadora de Calidade	Comisións de Título (CT)
Coordinadores/as de Título	No caso de interuniversitarios, CT da USC e Comisión de Coordinación Interuniversitaria (CCI)

A Xunta de Facultade, o órgano estatutario colexiado de goberno da facultade, é o responsable da aprobación da memoria de calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións. De acordo co procedemento establecido para a elaboración desta memoria (*PE-02 do SGC*), as Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos durante o curso 2018-19, así como as súas propostas de accións de mellora, todo iso a partir dos informes e indicadores proporcionados pola responsable de calidade. A Comisión de Calidade do Centro analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria, e elaborou o Plan de melloras anual. O documento final, a Memoria de Calidade, foi enviada á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a súa avaliación técnica e sometida a aprobación da Xunta de Facultade. Finalmente, deuse traslado á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno da USC para a súa aprobación final e remisión á ACSUG. Unha vez aprobada, a Memoria faise pública a través da Web da Facultade.

³ O persoal de conserxería e o de biblioteca está adscrito conxuntamente ás Facultades de Psicoloxía e de Ciencias da Educación

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: O Centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- Estado do Plan Estratéxico do Centro.
- O grao de execución e eficacia do Plan de melloras anual (PMA): grao de cumprimento dos obxectivos de calidade e grao de execución das accións de mellora.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- No caso de títulos interuniversitarios, a coordinación en todos os centros participantes das accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

A Facultade de Ciencias da Educación conta cunha Política de Calidade definida no [Manual do SGC](#) exposta publicamente na páxina Web da Facultade para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Esta Política revísase con periodicidade, a máis recente actualización da mesma data do ano 2020, e está plenamente vixente.

Así mesmo, a Facultade de Ciencias da Educación conta cun [Plan Estratéxico](#), aprobado en 2021. Neste documento defínense a misión, visión e valores da facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade. Así, as **liñas e obxectivos estratéxicos** que configuran o actual Plan Estratéxico son os seguintes:

LIÑA ESTRATÉXICA 1. Calidade da docencia e desenvolvemento das ensinanzas

Obxectivos estratéxicos

- 1.1. Dotar progresivamente o cadro de PDI con prazas estruturais e adecuación da capacidade docente e investigadora.
- 1.2. Mellorar a formación do PDI en competencias dixitais docentes.
- 1.3. Coordinar o traballo docente.

LIÑA ESTRATÉXICA 2. Desenvolvemento da enseñanza e apoio ao alumnado

Obxectivos estratéxicos

2.1.	Dotar de recursos para a orientación ao alumnado antes, ao inicio, durante e ao final da formación universitaria.
2.2.	Fomentar o incremento da participación en programas de mobilidade.
2.3.	Motivar a implicación do alumnado para asumir funcións de participación na organización da clase (delegado/a, recoñecemento).
2.4.	Potenciar a implicación do alumnado en actividades extracurriculares.
2.5.	Actualizar os plans de estudo e reforzar o desenvolvemento das competencias clave do alumnado.
2.6.	Mellorar a formación do alumnado en competencias dixitais para a aprendizaxe.

LIÑA ESTRATÉXICA 3. Sistema de garantía de calidade

Obxectivos estratéxicos

- | | |
|------|---|
| 3.1. | Fomentar a cultura de calidade no centro. |
| 3.2. | Lograr a acreditación institucional do centro. |
| 3.3. | Elaborar e manter o rexistro de documentos do SGIC. |

LIÑA ESTRATÉXICA 4. Recursos humanos e materiais

Obxectivos estratéxicos

- | | |
|------|--|
| 4.1. | Demandar espazos e recursos didáctico-académicos axeitados para a docencia e para o traballo do PDI e PAS. |
| 4.2. | Realizar actividades de mantemento e reparación de instalacións e mobiliario. |
| 4.3. | Dotar e manter equipamentos flexibles e materiais docentes nas aulas: equipos informáticos, espazos para a innovación e laboratorios (tecnoloxías educativas, artes plásticas, música, física, linguas, experimentais...). |
| 4.4. | Manter os espazos para a convivencia e traballo en grupo do alumnado. |

A Facultade de Ciencias da Educación traballa no logro destes obxectivos.

- **Informe de execución do Plan de Melloras Anual da Facultade de Ciencias da Educación 2018-19 (aprobado pola Comisión de Calidade o 10/09/2020)**

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-1 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Necesidade de seguir traballando no Sistema Garantía Interna de Calidade (SGIC) para adaptado a novos requirimentos da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC .
Definición/ descrición proposta	Nos cursos precedentes realizouse a Revisión do SGIC para adecualo ás características e necesidades da facultade. Durante o curso 17-18 revisouse e

	adaptouse o Manual SGC do Centro. Continúase na memoria de calidade (17-18) como AM-C1.
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018
Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	Durante o curso 2018-19 afrontouse unha revisión do SGIC na que se modificou o Manual de Sistema de Garantía de Calidade e do Manual de Procesos (ambos documentos pendentes de aprobación pola Xunta de Facultade). Continúase como AMC1 para o curso 2019-20.
Data Comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Revisar e actualizar o Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de procesos da Facultade de Ciencias da Educación.
Data prevista de finalización	30/08/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Comprobación da tarefa	Elaborouse o novo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de procesos da Facultade de Ciencias da Educación.
Descrición Comprobación	Acción cumprida. AM-1.1 https://www.usc.gal/gl/Centros/cc_educacion/calidade/plandecalidade_SGIC.html
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora .
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.
Análise causa	É necesario seguir renovando o material informático do centro así como o material de apoio á docencia nas aulas.
Definición/ descrición proposta	Mellorar material informático do Centro e adquirir material de apoio á docencia.
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018
Responsables	María José Méndez Lois

Descrición Comprobación	Acción cumprida parcialmente, atendendo ao presuposto do centro. Cómpre destacar a dotación de novos recursos materiais no curso académico 2018-2019. Continúase para o curso 2019-20 como AM-C2.
Data Comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Dotación de material informático para o estudiantado e de apoio á docencia nas aulas. Extensión do alcance da rede wifi.
Data prevista de finalización	30/08/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Descrición Comprobación	No Campus Vida adquiriuse equipamento e mobiliario para Aulas 2-3 Módulo C2 e Aula 3 módulo A. No Campus Norte, reforma integral das aulas 1 2 3, equipamento e mobiliario aulas 1, 3 e 14 e reformas e acondicionamento das aulas 22 e 25. En ambos Campus: mobiliario despachos, enchufes, luminarias Leds e cadeiras de profesorado.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-3 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.
Análise causa	A Facultade ten espazos que non son accesibles a persoas con mobilidade reducida.
Definición/ descrición proposta	Mellorar as condicións de accesibilidade que favoreza a inclusión de persoas con mobilidade reducida.
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018
Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	Acción cumprida parcialmente, atendendo ao presuposto do centro.
Data comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Realizar un estudo da accesibilidade na facultade.
Data prevista de finalización	31/07/2019

Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Descrición Comprobación	O Vicedecano de Estudantes, Mobilidade e Cultura e a Secretaria e Responsable de Infraestruturas realizaron unha análise da situación da accesibilidade nos dous centros da facultade, no Campus Vida e no Campus Norte. Tras a realización dese análise elaborouse un informe co detalle das actuacións a levar a cabo en ambos edificios.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-3.2
Descrición tarefa	Realizar as obras necesarias para adaptar os edificios e facilitar a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Descrición Comprobación	<p>Algunhas das melloras realizadas no centro localízanse no Campus Vida: 2 Baños adaptados a persoas con mobilidade reducida Planta -1, Planta 0 Módulo A, Baños inclusivos - Módulo A, Portas automáticas - Módulo C1 y Módulo C2, Módulo A, Canelón acceso Facultade módulo a –Sur.</p> <p>No Campus Norte: Portas automáticas -Unha entrada. Outras accións relacionadas coas infraestruturas levada a cabo no centro son as seguintes:</p> <p>No Campus Vida: Moqueta Sala de Xuntas Pulido e barnizado Sala Sarmiento. No Campus Norte: baños primeiro andar, ducha ximnasio-norte, reparación ximnasio, ampliación rosetas campus norte, fontanaría, línea eléctrica corredores decanato e Fase II ventás Campus Norte. Tamén se ampliaron os puntos wifi (completada rede wifi nos dous edificios). Continúase na Memoria de Calidade (18-19) como AM-C3 para o curso 2019-20, pero reformúlase para que nunha mesma acción de mellora se recollan aspectos de accesibilidade e localización e sinalética.</p>
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-4 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.

Análise causa	A facultade, que conta con varios edificios, necesita incorporar sinalética e información que permita aos usuarios desprazarse sen posibilidade de perda.
Definición/ descripción proposta	Mellorar as condicións de localización a través da incorporación de carteis informativos e sinalética.
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018
Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	A mellora das condicións de localización require unha análise dos espazos. O Vicedecano de Estudantes, Mobilidade e Cultura e a Secretaria e Responsable de Infraestruturas encargáronse de analizar a situación dos edificios do centro.
Data comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	Realizar un estudo das necesidades de sinalética na Facultade.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Descrición Comprobación	O Vicedecano de Estudantes, Mobilidade e Cultura e a Secretaria e Responsable de Infraestruturas encargáronse de realizar un estudo das necesidades dos edificios no Campus Vida e no Campus Norte.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa2	AM-4.2
Descrición tarefa	Colocar carteis e información que permitan situación e mobilidade entre os edificios da facultade a persoas que non coñecen o espazo.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Descrición Comprobación	O centro acometeu diversas melloras con relación á localización e sinalética no Campus Vida e Norte. Continúase para o curso 2019-20 como AM-C3. https://www.usc.es/gl/Centros/cc_educacion/sedes_localizacion.html
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-5 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante.
Análise causa	Dificultade para visualizar os horarios en 1º curso.
Definición/ descrición proposta	Elaboración de horarios integrados de 1º curso de grao para entregar ao estudantado nas xornadas de acollida.
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018
Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	Acción de mellora completada
Data comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-5.1
Descrición tarefa	Elaborar horarios integrados de 1º curso dos graos impartidos no centro.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Descrición Comprobación	A Vicedecana de Organización Académica e Economía foi quen de integrar os horarios do 1º curso das titulacións do centro para que o alumnado tivera unha visión global da súa dedicación semanal.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-6 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	As enquisas de satisfacción seguen a contar con unha participación baixa dos diferentes colectivos. Esa baixa participación vai en detrimento da súa fiabilidade.
Definición/ descrición proposta	Promover a participación nas enquisas de satisfacción dos diferentes colectivos (alumnado, PAS e PDI).
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018

Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	Dende o centro estase motivando a participación nas enquisas de satisfacción poñendo en valor a súa importancia recordando a necesidade de participación a través do envío de diferentes correos electrónicos ás Coordinacións de Titulacións para que se fomente a participación. Esta acción continúa na Memoria de Calidade 2018-19 (curso 2019-20) como AM-C4.
Data comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-6.1
Descrición tarefa	Alentar, dende todas as canles posibles, a resposta ás enquisas de satisfacción, principalmente desde a coordinación de título e de curso.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Descrición Comprobación	A coordinación da titulación motivou a participación dende a aula virtual de coordinación do Título e as coordinacións do curso, dende as aulas virtuais de coordinación correspondentes.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-7 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	A coordinación docente mellora procesos e repercute directamente no alumnado.
Definición/ descrición proposta	Mellorar a coordinación das titulacións e a coordinación de materias.
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018
Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	A coordinación das titulacións e a coordinación das materias é considerada dende o centro unha cuestión fundamental para o bo desenvolvemento da docencia. Aínda que se ten avanzando, a coordinación aínda pode mellorar máis e, por iso, considérase que é necesario que esta acción continúe no curso 2019-20 como AM-C5.
Data comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-7.1

Descrición tarefa	Alentar a coordinación en cada titulación, curso e materia. Facilitar estratexias que permitan esa coordinación.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Descrición Comprobación	<p>O traballo para facilitar unha maior coordinación entre toda a comunidade educativa do centro permitiu mellorar a coordinación grazas a diferentes accións concretas:</p> <ul style="list-style-type: none"> Nos horarios, xa que, previos á súa aprobación, foron revisados por parte de alumnado, coordinacións e profesorado. A presentación dos datos de avaliación as dúas modalidades de defensa de TFG por parte do profesorado e do alumnado ás coordinacións de cada un dos graos para poñer en común co profesorado. Adianto de case un mes da asignación de títolos de TFG ao alumnado pasando de novembro a outubro.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-8 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	No centro estanse a desenvolver de xeito informar actividades vinculadas coa coordinación que poden ser exemplo de boa práctica para todo o profesorado.
Definición/ descrición proposta	Realización de experiencias piloto de coordinación, deseñadas dende cada titulación e que poderían, de resultar exitosas, ser consideradas exemplos de boas prácticas e expandirse na Facultade.
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018
Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	Iniciouse a planificación de xornadas de coordinación, pero considérase necesario continuar nesta liña e, por iso, esta acción seguirá na Memoria de Calidade 2018-19 (curso 2019-20) como AM-C5.
Data comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-8.1
Descrición tarefa	Iniciar o proceso de deseño para a realización de xornadas de presentación de propostas de coordinación por titulacións.

Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Activa
Descrición Comprobación	Dende as coordinacións do Grao en Mestre Educación Primaria e Grao en Mestre Educación Infantil trabállase no deseño dunha xornada de coordinación para ambas titulacións na que os docentes poidan coñecer experiencias e traballos realizados nas diferentes materias da titulación.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-9 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	A escasa participación do alumnado nas comisións de título.
Definición/ descrición proposta	Presentar as posibilidades de participación do alumnado delegado nas comisións de título e formalo para que coñeza o SGC e motivar a súa participación nas comisións de título.
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018
Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	Leváronse a cabo distintas xuntanzas cos delegados/as de curso tanto coas coordinadoras de título como coas coordinadoras de curso dos grados e coas coordinadoras de titulación no caso dos másteres. Tense destacado o seu importante papel á hora de identificar elementos que ocasionan distorsións, e que se contemplan no SGIC, tanto a nivel de docencia como de infraestruturas e recursos dos dous centros que integran a facultade. Será necesario seguir contando con esta acción de mellora do centro na Memoria de Calidade 2018-19 (curso 2019-20) como AM-C6.
Data comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-9.1
Descrición tarefa	Presentar as posibilidades de participación do alumnado delegado nas comisións de título.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Activa

Tarefa2	AM-9.2
Descrición tarefa	Formar o alumnado delegado para que coñeza o SGIC e motivar a súa participación nas comisións de título.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Activa
Descrición Comprobación	As coordinacións de curso realizan no momento que se inicia o proceso de elección de delegado/a unha pequena presentación do SGC e da importancia da participación do alumnado nas diferentes comisións.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-10 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa	Frecuentemente diferentes profesionais externos achéganse ao centro para impartir ponencias, conferencias, obradoiros etc. Estas actividades, que enriquecen os contidos e vinculan os coñecementos de saídas académico-profesionais, en ocasións, non son coñecidas por todo o estudiantado e PDI.
Definición/ descrición proposta	Elaborar un calendario público de ponencias, conferencias, obradoiros etc. impartidos por profesionais externos como actividades formativas do título que enriquezan os contidos e vinculen os coñecementos de saídas académico-profesionais.
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018
Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	Dende o centro agrúpanse todas as actividades realizadas dende a facultade, todas están na páxina Web. Podería mellorarse esta acción traballando conxuntamente coas titulacións nunha planificación de ponencias, conferencias, obradoiros... Por iso, decídese darlle continuidade no curso 2019-20 como AM-C7.
Data comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-10.1
Descrición tarefa	Recoller, a través da aula virtual de coordinación do título ou doutra canle, a listaxe de ponencias, conferencias, obradoiros etc. impartidos por profesionais externos.

Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Descrición Comprobación	Algúns títulos introduciron nas súas aulas virtuais de coordinación ferramentas para a recollida de información relativa a ponencias, conferencias, obradoiros que se levan a cabo.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-10.2
Descrición tarefa	Elaborar un calendario público de ponencias, conferencias, obradoiros etc. impartidos por profesionais externos como actividades formativas no centro.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Descrición Comprobación	Na páxina Web da Facultade recóllense as diferentes ponencias, conferencias ou obradoiros realizados por profesionais externos e dende aí dáselle difusión e publicidade. https://www.usc.es/gl/Centros/cc_educacion/actualidade_fcce.html
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-11 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiantado
Análise causa	Afrontar o TFG supón unha situación que xera certa inquietude ao estudiantado. Acompañar, informar e motivar o alumnado de últimos cursos pode axudar nesta situación e estimular a realización e defensa dos TFG.
Definición/descrición proposta	Acompañamento informativo e motivador ao alumnado de últimos cursos para estimular a realización e defensa dos TFG.
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018

Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	Acción realizada e finalizada con éxito. Realizouse nos cursos 2015-16, 2016-17 e 2017-18 na titulación de Grado en Educación Social. Esta acción é considerada pola CCC como unha acción de mellora que debe incorporarse ás accións de mellora do centro como boa práctica a acoller, se así o estiman oportuno, polas demais titulacións da facultade (AM-C8).
Data comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-11.1
Descrición tarefa	Deseñar unha ou varias actividades informativas / formativas que guíen e orienten o alumnado respecto a elaboración e defensa do TFG
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Descrición Comprobación	Realizáronse, con éxito, xornadas informativas no Grao de Educación Social tanto para presentar ao alumnado a Guía de TFG como, no segundo cuadrimestre do curso, para explicar distintos procedementos en relación ao mesmo (presentación do informe de TFG, defensa pública do traballo etc.). Estas xuntanzas foron ben acollidas polo alumnado e avaliadas satisfactoriamente.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-12 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Estase reflexionando sobre as posibilidades para a mellora que suporía para o centro contar coas achegas de diversas entidades que traballan con el.
Definición/ descrición proposta	Proposta de acción con G.I. Constitución e xuntanzas dun Comité Consultivo de Interese formado por diversas entidades que traballan profesionalmente en relación cos/cas profesionais das titulacións que se imparten na facultade (colexios profesionais, asociacións, movementos de renovación pedagóxica etc.) .
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018
Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora está en proceso e pouco desenvolta debido ás dificultades propias do elevado número de titulacións do centro. Dáselle continuidade no curso

	2019-20 dirixindo os esforzos a unha planificación coas coordinacións dos diferentes títulos (AM-C9).
Data comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-12.1
Descrición tarefa	Reflexión sobre o proceso que se podería levar a cabo en relación á constitución e xuntanzas dun Comité Consultivo de Interese formado por diversas entidades que traballan profesionalmente en relación cos/cas profesionais das titulacións que se imparten na facultade (colexios profesionais, asociacións, movementos de renovación pedagóxica etc.)
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Descrición Comprobación	Tense reflexionado, nas diferentes reunións realizadas coas coordinacións dos títulos, sobre a visibilidade desta proposta. O elevado número de títulos e a diversidade de axentes dificulta a súa posta en marcha. Non se quere desbotar esta idea, pero, sen dúbida, precísase máis tempo para poder articulala.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-13 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.
Análise causa	A revisión das competencias da titulación permitirá coñecer o nivel no que se están alcanzando estas competencias.
Definición/ descrición proposta	Aplicación dunha grella, deseñada <i>ad hoc</i> para cada título, de análise, de valoración e logro das competencias xerais, específicas e transversais das distintas titulacións entre o profesorado das mesmas.
Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018
Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora non se puido completar. Proponse a súa continuidade, redefiníndoa, no curso 2019-20, como AM-C10).
Data comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-13.1

Descrición tarefa	Elaboración dos instrumentos que permitan analizar o logro das competencias xerais, específicas e transversais das distintas titulacións entre o profesorado das mesmas.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Non executada
Descrición Comprobación	Esta tarefa non se puido realizar pola complexidade do curso académico 2019-20. Terá continuidade no próximo curso.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-13.2
Descrición tarefa	Valoración do logro das competencias xerais, específicas e transversais das distintas titulacións entre o profesorado das mesmas.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Non executada
Descrición Comprobación	Esta tarefa non se puido realizar pola complexidade do curso académico 2019-20. Terá continuidade no próximo curso.
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-14 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	Considérase importante potenciar os procesos de orientación académica e profesional do estudantado. Ademais, o estudantado universitario ten recoñecido como dereito específico (artigo 9 do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario): Recibir orientación e tutoría personalizadas, para facilitar rendemento académico, a preparación para a actividade profesional ou a iniciación á investigación.
Definición/ descrición proposta	Realizar un Programa de Acción Titorial que sirva como base para que cada titulación realice o seu.

Datas	Finalización: 31/08/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 31/12/2018
Responsables	María José Méndez Lois
Descrición Comprobación	Durante este curso académico iníciase o traballo de deseño do Plan de Acción Titorial (PAT) do centro, a partir do cal cada titulación elaborará o seu propio plan. Iremos facer seguimento desta acción de mellora e debido a iso continúaase no curso 2019-20 como AM-C11.
Data comprobación	24/09/2019
Tarefa1	AM-14.1
Descrición tarefa	Realizar un Programa de Acción Titorial (PAT) que sirva como base para que cada titulación realice o seu.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Activa
Descrición Comprobación	Organizouse unha actividade formativa sobre o PAT na que, ademais de coordinadores/as de titulación e curso, participou outro profesorado do centro. Tras esa actividade formativa, o centro senta as bases para que cada titulación elabore o seu PAT. Curso de formación a demanda recoñecido polo Programa de Formación Docente da USC: [PFID.19far-12] Plan de Acción Titorial: deseño
Data Comprobación	24/09/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Os procesos de calidade da Facultade de Ciencias da Educación están nun momento de transformación e continúaase revisando e mantendo actualizado o SGC (formúlase, para o curso 2019-20 a acción de mellora AM-C1 e AM-C6) . Unha vez definidos o [Manual do SGC](#) e o [Manual de procesos do SGC](#) (ambos documentos foron actualizados no ano 2020 e aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 30 de setembro de 2020), e formulado o [Plan estratéxico ponte](#), a facultade traballa no obxectivo do logro acreditación institucional do centro.

No caso de **títulos interuniversitarios** (Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria) procúrase a maior coordinación posible das accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC; o seguimento e revisión dos títulos (igual que o seu deseño e, no seu caso, extinción), desenvólvense conforme aos procesos do SGC da facultade coordinadora (Universidade da Coruña); a xestión académica (prescrición, matrícula, emisión de certificados, etc.) realízanse conforme ás mecánicas establecidas en cada unha das universidades que, sendo todas elas públicas e do Estado español, son moi similares. Por último, as accións de mellora que se deseñan no marco do SGC e afectan directamente a estes títulos aplícanse en todas as universidades. As principais dificultades para unha completa coordinación derivan de que (1) os calendarios de procesos académicos difiren entre as

institucións, polo que, en ocasións, a completa posta en práctica de certas accións ten que estenderse por máis de un curso académico, e (2) a dificultade para que os departamentos de calidade de todas as universidades provean a totalidade dos indicadores definidos no SGC do centro coordinador, o que obriga aos responsables da titulación a recadar esa información polos seus propios medios.

Cómpre facer referencia aos mecanismos de **recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese**. A sistemática para esta recollida de información está exposta no proceso institucional da USC *PI-08, Satisfacción, expectativas e necesidades*, que establece o proceso de recollida de información a nivel institucional sobre os aspectos máis relevantes (docencia, servizos, mobilidade, traballo). A facultade, pola súa parte, complementa esta información recadada a nivel institucional, ben mediante a aplicación de enquisas propias para procesos específicos, ou ben a través de reunións con axentes dos grupos de interese (estudiantado, profesorado, tutores/as de Prácticum). Esta información, xunto coa derivada dos resultados dos programas formativos e, no seu caso, a procedente de queixas, reclamacións e suxestións, conforma en boa medida a base sobre a que se realiza o seguimento anual do SGC e dos programas formativos.

Neste momento considérase que sería necesario incrementar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas institucionais, para iso, propónse a acción de mellora **AM-C4 e a AM-C9**.

É importante sinalar tamén que durante o curso 2018-19 se puxo en marcha unha iniciativa de revisión e mellora das enquisas institucionais, a nivel da USC. Co obxectivo de facelas máis atractivas para os grupos de interese, recolléronse as suxestións achegadas a través de grupos focais de contacto e de entrevistas con representantes de estudantes; así, por exemplo, nalgúns enquisas incorporouse un campo aberto que posibilita expresar achegas alén da resposta aos ítems pechados.

En canto ás **queixas, suxestións e reclamacións**, indicar que a Facultade de Ciencias da Educación recibe un moi escaso número de queixas e reclamacións formais do alumnado. As reclamacións están relacionadas coas cualificacións, coa avaliación (sen precisar comisión de avaliación, por falta de fundamento) ou coa falta de profesorado (debido á tardía incorporación tras os concursos e ao carácter deficitario das áreas). Todas as queixas ou reclamacións son respondidas.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación, a revisión periódica e, se procede, a extinción dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais). Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción dos programas formativos.
- Análise das accións relativas á revisión periódica e mellora dos programas formativos:
 - Cumprimento do incluído nas memorias verificadas para atender ao ciclo de garantía externa das titulacións.
 - Cumprimento dos programas das materias.
 - Funcionamento dos procedementos de coordinación.
 - Adecuación dos perfís reais de ingreso e de egreso.
 - Análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe (globais da titulación) previstos na memoria. (Nota: os relativos ás materias analízanse na Directriz 3).
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación. (Nota: os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).
 - Se é o caso, análise das accións relativas ao deseño de novos títulos e á extinción de títulos existentes.

A Facultade de Ciencias da Educación ten implantados procedementos que rexen o deseño, aprobación, revisión e extinción dos programas formativos. Estes procedementos están sistematizados no proceso *PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas* do Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC, que establece as pautas para o deseño, revisión e mellora dos programas formativos, e no proceso *PE-02, Revisión e mellora*, do SGC da Facultade de Ciencias da Educación, que guía o seguimento anual dos nomeados programas e a execución das accións de mellora vinculadas a eles.

Anualmente, seguindo este proceso *PE-02*, as Comisións de Título (CT) analizan polo miúdo o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos. Faise seguimento do cumprimento da Memoria Verificada do Título (MVT) e, no seu caso, a conveniencia de modificala ou actualizala, e analízanse o cumprimento dos programas das materia, a adecuación dos perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación, os resultados de aprendizaxe e a información sobre satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese. O SGC establece a sistemática coa que se realizan os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, entre eles, ademais do xa sinalado *PE-02*, están os procesos chave *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas*, e *PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*. Os informes destes seguimentos trasládanse á CCC, que os revisa e analiza e aproba as accións de mellora derivadas.

As evidencias de que a revisión e mellora se realiza conforme estes procedementos atópanse nas actas destes órganos (Comisións de Título e Comisión de Calidade).

No caso do deseño de novos títulos, procédese conforme ao proceso institucional citado (*PI-01*) e, no que compete ao centro (traballos de comisión redactora, aprobación por Xunta de Facultade) queda, igualmente, evidencia nas actas e acordos deses órganos.

A continuación, preséntase unha síntese da análise do desenvolvemento dos programas formativos da Facultade de Ciencias da Educación durante o curso 2018-19.

1. Grao en Pedagogía

A Coordinación do Título do Grao en Pedagogía realizou, conforme lle corresponde, [o informe de seguimento do desenvolvemento do programa formativo durante o curso 2018-19](#). Este informe foi aprobado na Comisión do Título, na Comisión de Calidade do Centro e presentado en Xunta de Facultade previo envío á Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC.

2. Grao en Educación Social

A Coordinación do Título do Grao en Educación Social realizou, conforme lle corresponde, [o informe de seguimento do desenvolvemento do programa formativo durante o curso 2018-19](#). Este informe foi aprobado na Comisión do Título, na Comisión de Calidade do Centro e presentado en Xunta de Facultade previo envío á Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC.

3. Grao en Mestre/a en Educación Infantil

A Coordinación do Título do Grao en Mestre/a en Educación Infantil realizou, conforme lle corresponde, [o informe de seguimento do desenvolvemento do programa formativo durante o curso 2018-19](#). Este informe foi aprobado na Comisión do Título, na Comisión de Calidade do Centro e presentado en Xunta de Facultade previo envío á Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC.

4. Grao en Mestre/a en Educación Primaria

A Coordinación do Título do Grao en Mestre/a en Educación Primaria realizou, conforme lle corresponde, [o informe de seguimento do desenvolvemento do programa formativo durante o curso 2018-19](#). Este informe foi aprobado na Comisión do Título, na Comisión de Calidade do Centro e presentado en Xunta de Facultade previo envío á Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC.

5. Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas

A Coordinación do Título do [Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas](#) realizou, conforme lle corresponde, o informe de seguimento do desenvolvemento do programa formativo durante o curso 2018-19. Este informe foi aprobado na Comisión do Título, na Comisión de Calidade do Centro e presentado en Xunta de Facultade previo envío á Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC.

6. Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario

A Coordinación do Título do Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario realizou, conforme lle corresponde, [o informe de seguimento do desenvolvemento do programa formativo durante o curso 2018-19](#). Este informe foi aprobado na Comisión do Título, na Comisión de Calidade do Centro e presentado en Xunta de Facultade previo envío á Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC.

7. Máster Universitario en Procesos de Formación

A Coordinación do Título do Máster Universitario en Procesos de Formación realizou, conforme lle corresponde, [o informe de seguimento do desenvolvemento do programa formativo durante o curso 2018-19](#).

Este informe foi aprobado na Comisión do Título, na Comisión de Calidade do Centro e presentado en Xunta de Facultade previo envío á Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC.

8. Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación

A Coordinación do Título do Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación realizou, conforme lle corresponde, [o informe de seguimento do desenvolvemento do programa formativo durante o curso 2018-19](#). Este informe foi aprobado na Comisión do Título, na Comisión de Calidade do Centro e presentado en Xunta de Facultade previo envío á Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC.

A supervisión do **cumprimento dos programas das materias** dos títulos da Facultade de Ciencias da Educación realízase principalmente a través das reunións dos/as coordinadores/as de curso co profesorado e cos representantes do estudantado. Estas reunións realízanse periodicamente e trasládase informe delas á Comisión de Título. Como en anos anteriores, non se detectaron incidencias no cumprimento dos programas. Os datos das enquisas de satisfacción do alumnado avalan esta afirmación, xa que os e as estudantes refiren que o profesorado cumpre co programa e o plan de traballo previsto e cumpren tamén co cronograma temporal das materias⁴. En case todas as titulacións supérase a puntuación 4 (1-5). Os programas mantéñense publicados na [Web institucional da facultade](#).

Cumprimento do programa e plan de traballo previsto:

Titulación	2018-19
Grao en Pedagogía	4,41
Grao en Educación Social	4,11
Grao en Mestre/a en Educación Infantil	4,17
Grao en Mestre/a en Educación Primaria	4,16
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino De Linguas	4,06
Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural E Desenvolvemento Comunitario	4,42
Máster Universitario en Procesos de Formación	4,50
Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación	-
Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	3,08

Cumprimento do cronograma temporal das materias:

Titulación	2018-19
Grao en Pedagogía	4,29
Grao en Educación Social	3,93
Grao en Mestre/a en Educación Infantil	4,08
Grao en Mestre/a en Educación Primaria	4,04

⁴ INF.13

Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino De Linguas	3,99
Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural E Desenvolvemento Comunitario	4,62
Máster Universitario en Procesos de Formación	4,62
Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación	-
Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	2,73

Os **procedementos de coordinación** no marco do programa formativo descansan piramidalmente no coordinador/a de título, a Comisión do título e os coordinadores/as de curso. Para recadar información, os coordinadores/as de curso realizan, periodicamente, reunións coa representación do estudiantado e co profesorado. No curso obxecto desta memoria celebráronse as reunións ordinarias para todos os cursos, tal e como se evidencia nos informes destas reunións que se recollen nas actas das comisións de título. O decanato e as coordinacións de título teñen canles de difusión e transparencia con toda a comunidade académica do centro. Os instrumentos son múltiples e permiten o acceso de varias formas:

- Aberto: Na web da facultade que permite navegar por accesos múltiples e isto facilita atopar aspectos concretos nunha titulación como son os horarios, a documentación de apoio académico e de procesos dos TFG ou Prácticas Externas, as programación de materias etc. Tamén difunde as actividades formativas a académicas do centro para dinamizar a participación e servir tamén de foro a sociedade.
- Pechado: Os inscritos nas aulas de coordinación; á do título pertence todo o alumnado e profesorado da titulación e a de curso permite traballar por intereses de cada curso. As aulas de coordinación están permanentemente actualizando información.
- Pechado: Listas de distribución de centro.

A coordinación docente é un elemento crucial para o óptimo desenvolvemento dos programas formativos, neste sentido, propónse a dinamización destes procesos a través da acción de mellora **AM-C5** e **AM-C7** para o curso 2019-20.

No relativo á **adecuación dos perfís de ingreso e de egreso**, a Comisión de Título revisa cada ano os datos que poden achegar información ao respecto. En canto ao ingreso, estima que existen suficientes indicadores que sinalan súa adecuación: taxas oferta/demanda, notas de acceso ao primeiro curso, porcentaxe de estudantes que acceden aos graos como a súa primeira opción, resultados académicos en 1º curso, baixa taxa de abandono ([no informe de seguimento do curso de cada titulación](#) consta unha análise pormenorizada destes datos).

Os resultados acadados polo estudiantado nas materias **Prácticum (nas titulacións nas que se realiza) e TFG ou TFM⁵**, por canto son materias de finalización da carreira, requiren, para un bo desempeño, o conxunto das competencias do programa formativo; de novo en 2018-19 as cualificacións nestas materias foron satisfactorias, cunha elevada porcentaxe de notables e sobresaíntes. Sen embargo, o centro considera que poderían optimizarse procesos relacionados coa realización do TGF e, para iso, propón a **AM-C8**.

Por último, informamos da **satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese en relación coa titulación**. Mostramos, a continuación, o grao de **satisfacción** xeral dos **egresados** coa

⁵ INF.15

titulación⁶, a pesar de que a taxa de participación é moi baixa (entre 6 e 10 respostas nas titulacións de grao e un número algo máis elevado nalgunhas titulacións de máster), supérase en case todos os casos o valor 3 (1-5).

Satisfacción xeral dos egresados coa titulación:

Titulación	2018-19
Grao en Pedagogía	3,02
Grao en Educación Social	3,48
Grao en Mestre/a en Educación Infantil	3,08
Grao en Mestre/a en Educación Primaria	2,92
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino De Linguas	2,68
Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural E Desenvolvemento Comunitario	3,86
Máster Universitario en Procesos de Formación	2,59
Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación	3,32
Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	-

En canto á valoración dos títolos profesionais de Prácticum⁷ infórmase, como se pode ver na seguinte táboa, que se acadan puntuacións relativamente altas en todas as titulacións da facultade, incrementándose estas puntuacións respecto a cursos anteriores.

Valoración dos títolos profesionais de Prácticum:

Titulación	2018-19
Grao en Pedagogía	4,08
Grao en Educación Social	4,20
Grao en Mestre/a en Educación Infantil	4,39
Grao en Mestre/a en Educación Primaria	4,31
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino De Linguas	4,23
Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural E Desenvolvemento Comunitario	-
Máster Universitario en Procesos de Formación	3,33
Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación	4,36
Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	-

⁶ IN42-S01-PM-01

⁷ IN20G

A satisfacción do profesorado da titulación coas prácticas externas⁸ tamén acadou puntuacións elevadas.

Satisfacción do profesorado da titulación coas prácticas externas:

Titulación	2018-19
Grao en Pedagogía	4,20
Grao en Educación Social	4,09
Grao en Mestre/a en Educación Infantil	4,18
Grao en Mestre/a en Educación Primaria	4,74
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino De Linguas	-
Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural E Desenvolvemento Comunitario	-
Máster Universitario en Procesos de Formación	-
Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación	5,00
Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	-

Á vista dos resultados xerais, no que atinxe ás prácticas externas, é preciso continuar na liña de traballo xa iniciada en cursos anteriores. Acádanse resultados satisfactorios derivados de accións sistematizadas no traballo dos responsables das prácticas: remitir a información referida ao Prácticum aos titores/as externos, establecer con estes contacto telefónico ou vía e-mail, revisar as enquisas de avaliación do alumnado sobre as institucións de prácticas colaboradoras. É necesario mellorar en aspectos como a posta en común e valoración por parte dos responsables de Prácticum na facultade e titores/as académicos de aqueles centros de prácticas que acadan valoracións máis baixas.

⁸ IN21G / IN21M

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado

Estándar: O centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (accións de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (Plan de Acción Titorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe).
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados de aprendizaxe das materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Os procedementos que rexen o desenvolvemento dos programas formativos quedan recollidos no SGC, particularmente nos cinco procesos chave (*PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*), e, a través deles, procúrase que os e as estudantes poidan acadar os obxectivos formativos das titulacións.

A USC establece o marco normativo que regula a vida académica do estudantado, desde a admisión até o momento da obtención do título. Este marco normativo está conformado principalmente polas normativas, regulamentos e instrucións que aproba o Consello de Goberno da Universidade, e que nalgúns casos se concreta, para cada centro ou titulación, en normas máis específicas.

As principais normativas poden consultarse nos enderezos Web:

<http://www.usc.gal/gl/normativa/estudiantes/index.html>

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_másteres_normativa.html

Entre elas, pódense sinalar as seguintes como as máis relevantes para regular o marco administrativo no que se desenvolven os procesos de ensino/aprendizaxe:

- [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC](#) (aprobada en Consello de Goberno [CG] de 28/07/2017). Establece, entre outras cuestións, cales son e como se conforman os órganos académicos responsables dos programas formativos (CT, coordinador/a de título); a estrutura da organización en créditos; tipos de materias ou modalidades de ensino.

- [Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC](#) (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012), xunto coas instrucións da Secretaría Xeral que a interpretan e as Resolucións reitorais e Acordos do CG que a modifican (14/06/2012; 20/07/2012; 30/05/2013; 03/11/2014; 12/11/2024; 08/05/2015; 10/03/2016). Fixa os principios para a progresión nos estudos (número de créditos máximo matriculables, condicións para a matrícula e superación do TFG/TFM, etc.) e o límite de convocatorias. En relación con ela tamén está a Resolución reitoral relativa á convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES ([CG 24/09/2013](#)) e a súa modificación ([CG 08/10/2015](#)).
- [Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos](#) (CG 14/03/2008). Fixa os criterios, a unidade de recoñecemento, o sistema de recoñecemento e o modo de transferencia ao expediente do alumnado.
- [Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster](#) (RR 15/04/2011), coas modificacións, ampliacións e instrucións aclaratorias posteriores (as máis relevantes, o acordo do CG de 05/07/2016, e a súa modificación de 12/05/2018). Establece os procedementos para facer constar, nos expedientes do alumnado, a acreditación de competencias de carácter transversal, por experiencia profesional e outras, e, no seu caso, o seu cómputo en créditos.
- *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións* (aprobada en [CG 15/06/2011](#), modificada en [CG de 05/04/2017](#)), que establece as garantías do estudantado respecto dos procedementos de avaliación.
- [Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster](#) (acordo CG 10/03/2016). Este regulamento, que establece as normas e procedementos académicos e administrativos en relación cos TFG e TFM, establece que cada centro deberá elaborar a normativa propia para os seus títulos. Así, a Facultade de Ciencias da Educación ten aprobadas as seguintes:
 - [Regulamento do TFG da Titulación do Grao en Pedagogía da Facultade de Ciencias da Educación](#) (aprobada en CG 31/01/2017).
 - [Regulamento do TFG da Titulación do Grao en Educación Social da Facultade de Ciencias da Educación](#) (aprobada en CG 31/01/2017).
 - [Regulamento do TFG da Titulación do Grao en Mestre/a de Educación Infantil da Facultade de Ciencias da Educación](#) (aprobada en CG 31/01/2017).
 - [Regulamento do TFG da Titulación do Grao en Mestre/a de Educación Primaria da Facultade de Ciencias da Educación](#) (aprobada en CG 31/01/2017).
 - [Normativa de Traballos de fin de Máster da titulación de Máster Igualdade, Xenero e Educación](#)
 - [Normativa de TFM do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas da USC](#) (aprobada en CG 18/07/2019).
- [Normativa sobre de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES](#) (CG 25/03/2010) e instrución da Secretaría Xeral sobre dispensa en determinadas circunstancias (27/04/2017). Desta normativa xeral deriváanse dous desenvolvementos na Facultade de Ciencias da Educación:
 - [Normativa para o cambio de grupo \(Titulacións de Grao\) da Facultade de Ciencias da Educación da USC](#) (Xunta de Facultade 22/04/2016).
 - [Normativa e prazos de exención de docencia \(Titulacións de Grao\) da Facultade de Ciencias da Educación da USC](#) (Xunta de Facultade 22/04/2016).

- [Regulamento de prácticas académicas externas](#) (CG 29/07/2015), que establece as condicións básicas para as prácticas preprofesionais a realizar en entidades, empresas ou institucións alleas á USC. En relación con esta normativa, na Facultade de Ciencias da Educación cóntase co:
 - [Protocolo interCentros do Prácticum dos Graos en Mestra ou Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria](#), aprobado pola Comisión de Coordinación InterCentros o 6 de abril de 2018.
- [Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC](#) (CG 26/10/2012 e modificacións posteriores, a máis recente de 18/07/2019) e, en relación con este, a [Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio](#) (CG 03/03/2017 e a modificación posterior de 24/05/2018)
- [Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral](#) (CG 23/03/2011)

Este marco normativo regula con transparencia os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos.

As Comisións de Título, en primeira instancia, e a Comisión de Calidade do Centro, en segunda, analizan anualmente o desenvolvemento destes procesos e os indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación. A continuación sintetízanse as conclusións destas análises para cada un dos títulos, recollidas máis extensamente nos informes elaborados por cada unha das Comisións de Título.

1. Grao en Pedagogía

En relación aos procesos de **admisión e ás accións de captación de alumnado**, o Grao en Pedagogía réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público. As posibilidades da facultade á hora de determinar criterios de admisión limítanse á súa capacidade de propoñer os baremos de ponderación nas probas de acceso (ABAU) no marco do Sistema Universitario Galego (SUG).

A Facultade de Ciencias da Educación da USC é o único centro que imparte esta titulación en Galicia, e focaliza neste territorio a captación do estudantado. Para isto mantén a [participación no programa "A Ponte"](#) da USC, co obxectivo de captar os mellores estudantes de secundaria e de tentar que os/as novos/as alumnos/as cheguen ao grao coa mellor orientación previa posible.

Atendendo á **orientación académica e profesional**, a titulación realiza xornadas de acollida ao alumnado de novo ingreso e as coordinacións de curso realizan diferentes xuntanzas ao longo do curso académico para atender cuestións relacionadas co desenvolvemento académico, persoal e social do estudantado. A titulación está traballando no deseño dun Plan de Acción Titorial (PAT) que enmarque todas as actuacións, as que xa se están levando a cabo e as novas accións previstas. A efectividade e resultados da xornada de acollida, os cursos de ferramentas informacionais organizados conxuntamente coa biblioteca, e as charlas/sesións informativas dirixidas a proporcionar orientación sobre mobilidade, Prácticum ou Tráballo de Fin de Grao son valoradas en detalle no [informe de seguimento](#) que realiza a titulación. A titulación tamén realiza actividades vinculadas á orientación profesional, dirixidas ao alumnado dos últimos cursos. No tocante á orientación académica e profesional, prográmanse accións de mellora para o vindeiro curso (AM-C11).

En relación coa **mobilidade de estudantes**, a taxa de alumnos/as que chegan ao Grao en Pedagogía

decreceu no último curso⁹. Porén, crece a porcentaxe de estudantes da titulación que decide participar nun programa de mobilidade, pasando do 2,56 (2017-18) ao 3,45¹⁰ (2018-19). A satisfacción do estudantado cos programas de mobilidade, aínda estando por riba da media da USC (3,12), decreceu no curso 2018-19¹¹.

As **metodoloxías de ensino e avaliación da aprendizaxe** son un elemento de análise importante dentro da titulación. En canto á **satisfacción dos/das estudantes coa docencia recibida**, a puntuación media foi elevada, 4.12¹² (ítem de satisfacción global co profesor/a, 4,13; media dos 16 ítems da nova enquisa, 4,18). Pola súa parte, o profesorado valora cun 4.26¹³ a satisfacción coa docencia impartida.

As enquisas dirixidas aos egresados¹⁴ tamén conteñen ítems relativos á metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe; dos seus resultados, e a pesar da cautela xa sinalada pola baixísima taxa de participación, considérase necesario darlle importancia ás valoracións insatisfactorias (inferiores á media da universidade) en relación con infraestruturas e os materiais dispoñibles no centro, coa información na propia Facultade/Escola ou Título (web propia, presentacións...). As valoracións do alumnado egresado do grao en relación á satisfacción cos programa de mobilidade ou prácticas externas é notablemente superior á media da USC. A baixa taxa de resposta esixe unha reflexión por parte da Comisión de Calidade do Centro e proponse acción de mellora (AM-C4)

Dos **resultados de aprendizaxe** infórmase que a taxa de rendemento do título (IN34G) mostra datos con puntuacións moi altas. Nos catro cursos da titulación, desde o curso académico 2016-17, incrementáronse todas as puntuacións. No 1º curso sempre é lixeiramente máis baixa pero ao ser o comezo da formación universitaria pode influír o cambio metodolóxico respecto ao nivel de secundaria. Na evolución da puntuación global incrementouse no curso 2018-19 acadando a máxima ata agora de 90,58 superando a media tanto a área de Ciencias Sociais e Xurídicas e a da USC en mais de 11 puntos. Na taxa de éxito (IN35G) repítese o mesmo patrón que na taxa de rendemento: incrementáanse as puntuacións en todos os cursos e a taxa global cun 94,05 é moi alta. Na evolución da puntuación global esta titulación supera a media tanto da área de Ciencias Sociais e Xurídicas como da USC en todos os cursos desde o 2013-14 (este curso 2018-19 en mais de 7 puntos). Na taxa de avaliación (IN36G) todas as puntuacións incrementáanse no curso académico 2018-19. As puntuacións son moi altas, todas por riba do 95 sendo a total de 96,31. Na evolución da puntuación global esta titulación supera a media tanto da área de Ciencias Sociais e Xurídicas como a da USC en todos os cursos desde o 2013-14 (este curso 2018-19 en mais de 6 puntos). En relación á taxa de rendemento, unha análise detallada permite apreciar que todas as materias teñen unha taxa superior ao 71% aumentando respecto ao curso 2017-2018 que era do 67% (INF.18). Realizando unha análise máis polo miúdo cómpre destacar a taxa de éxito de diferentes materias, que teñen unha taxa superior ao 71% repetindo os datos do curso 2017-2018 (INF.17). En relación a taxa de avaliación, a maioría das materias teñen unha taxa superior ao 89% (INF.16)

A atención recibida nas **reclamacións** ante a Dirección ou o Decanato do centro, mellora do 1,50 do curso anterior ao 2,25. Isto reflicte o traballo das accións de mellora do Decanato.

⁹ IN18G

¹⁰ IN17G

¹¹ IN15G

¹² INF.13

¹³INF.14

¹⁴INF.09

2. Grao en Educación Social

Na admisión e nas accións de captación de alumnado, o Grao en Educación Social réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público. As posibilidades da facultade á hora de determinar criterios de admisión límitanse á súa capacidade de propoñer os baremos de ponderación nas probas de acceso (ABAU) no marco do Sistema Universitario Galego (SUG).

En relación á **orientación académica e profesional**, a titulación realiza xornadas de acollida ao alumnado de novo ingreso e as coordinacións de curso realizan diferentes xuntanzas ao longo do curso académico para atender a cuestións relacionadas co desenvolvemento académico, persoal e social do estudiantado. Destácase tamén, o traballo realizado na titulación para o asesoramento relacionado co TFG. A titulación está traballando no deseño dun Plan de Acción Titorial (PAT) que enmarque todas as actuacións que xa se están levando a cabo e novas accións previstas. A efectividade e resultados da xornada de acollida, os cursos de ferramentas informacionais organizados conxuntamente coa biblioteca, e as charlas/sesións informativas dirixidas a proporcionar orientación sobre mobilidade, Prácticum ou Traballo de Fin de Grao son valoradas en detalle no informe de seguimento que realiza a titulación. A titulación tamén realiza actividades vinculadas á orientación profesional, dirixidas ao alumnado dos últimos cursos. No tocante á orientación académica e profesional, prográmanse accións de mellora para o vindeiro curso (AM-C11).

A taxa de alumnos/as que chegan ao Grao en Educación Social dende **programas de mobilidade** vense incrementando nos últimos anos¹⁵ (2,25 vs 2,96). Porén, decrece a porcentaxe de estudantes da titulación que decide participar nun programa de mobilidade¹⁶. A satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade é de 3,4¹⁷, por riba da media da USC (3,12).

As **metodoloxías de ensino e avaliación da aprendizaxe** son un elemento de análise importante dentro da titulación. No que atinxe á satisfacción do alumnado coa docencia recibida destácase a puntuación media obtida (3,77 sobre 5), o que supón un lixeiro descenso en relación ao valor acadado no curso 2017-2018 (3,99) (IN46G). Unha revisión dos diferentes ítems que constitúen a enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida apunta a que na súa totalidade obteñen puntuacións superiores a 3,5 sobre 5, facendo referencia as valoracións máis elevadas aos ítems relacionados co cumprimento do programa e do plan de traballo previsto (4,11), coa explicación da programación da materia e dos criterios de avaliación ao comezo da actividade docente (4,05) e coa resolución de dúbidas formuladas (4,02) (INF.13). Por outra banda, no referido á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, a puntuación media acadada é de 4,24 sobre 5, algo superior ao valor do ano anterior (3,92) (IN47G). No referido á enquisa de satisfacción dos egresados, apúntase, como indicadores xerais, o grao de satisfacción xeral destes coa titulación (3,48 sobre 5), o que supón a continuación do incremento desta puntuación ao longo dos cursos (IN42G); a satisfacción coa información pública dispoñible (3,33, o valor máis elevado dende o curso 2015-2016) (IN23G) e o grao de satisfacción cos servizos (4), valor que continúa mostrando o incremento continuado dende o ano 2014-2015 (IN33G). A totalidade de ítems avaliados obteñen valores iguais ou superiores a 3, excepto os referidos, entre outros, aos seguintes aspectos: satisfacción coas infraestruturas e materiais dispoñibles no centro (2,33); capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal

¹⁵ IN18G

¹⁶ IN17G

¹⁷ IN15G

dentro do ámbito de estudo; satisfacción coa adecuación dos horarios, o calendario académico e de exames e a organización académica en xeral co título. Pola contra, no referido aos ítems con puntuacións máis positivas, destaca a contribución da titulación á capacidade de comunicación oral/escrita, a complementariedade das prácticas externas ao resto da formación recibida e a satisfacción coa biblioteca, aspectos todos eles con puntuacións de 4,33; así coma a contribución da titulación á capacidade de adquisición de certas competencias como a capacidade para a aprendizaxe autónoma, pensamento crítico e traballo en equipo, así coma a súa satisfacción cos recursos tecnolóxicos, aspectos todos eles cunha puntuación de 4 sobre 5 (INF.09).

No referido aos principais **resultados** do título, cabe apuntar, en liñas xerais, a taxa de rendemento do título (90,70%) (IN34G), a taxa de éxito (96,02%) (IN35G), a taxa de avaliación (94,45%) (IN36G) e a taxa de graduación (72,00%) (IN37G), todas elas superiores ás medias acadadas na Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (79,14%, 87,86%, 90,07% e 59,05%, respectivamente) e pola USC (79,49%, 87,78%, 90,55% e 58,23%, respectivamente) (IN34G, IN35G, IN36G e IN37G), o que implica unha duración media dos estudos de 4,49 anos (IN38G), sendo esta inferior á media das titulacións da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (4,73) e da USC (5,06) (IN38G). Destácase a taxa de éxito de materias como TFG e Prácticum¹⁸.

3. Grao en Mestre/a en Educación Infantil

En relación aos **procesos de admisión** e ás accións de **captación de alumnado**, o Grao en Mestre/a en Educación Infantil réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público. As posibilidades da facultade á hora de determinar criterios de admisión limítanse á súa capacidade de propoñer os baremos de ponderación nas probas de acceso (ABAU) no marco do Sistema Universitario Galego (SUG).

Respecto da **orientación académica e profesional**, a titulación realiza xornadas de acollida ao alumnado de novo ingreso e as coordinacións de curso realizan diferentes xuntanzas ao longo do curso académico para atender a cuestións relacionadas co desenvolvemento académico, persoal e social do estudiantado. A titulación e o centro (AM-C11) programan o deseño dun Plan de Acción Titorial (PAT) que enmarque todas as actuacións que xa se están levando a cabo e novas accións previstas. A efectividade e resultados da xornada de acollida, os cursos de ferramentas informacionais organizados conxuntamente coa biblioteca, e as charlas/sesións informativas dirixidas a proporcionar orientación sobre mobilidade, Prácticum ou Traballo de Fin de Grao son valoradas en detalle no informe de seguimento que realiza a titulación.

En relación coa **mobilidade de estudantes**¹⁹, os datos dispoñibles continúan a ser preocupantes: durante o curso 2017-18 as cifras de estudantes enviados supoñen o 2,12% (non hai datos dispoñibles para o curso 2018-2019), en tanto que os estudantes recibidos no curso 2018-2019 foron do 1,70%. Esta debilidade obríganos a continuar esforzándonos en tratar de aumentar a mobilidade do alumnado, aínda sabendo que as circunstancias son moi pouco favorables para lograr este obxectivo.

As **metodoloxías de ensino e avaliación da aprendizaxe** son un elemento de análise importante dentro da titulación. En canto á satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G) sobe lixeiramente con respecto ao curso 2017-2018: acadou o 3,96 fronte ao 3,85 anterior. Pola súa banda, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G) tamén ascende no curso 2018-2019, cun valor medio de 4,22.

¹⁸ INF.17

¹⁹ IN18G

As enquisas dirixidas aos egresados (IN42G) tamén conteñen ítems relativos á metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe; dos seus resultados, e, a pesar da cautela xa sinalada pola baixísima taxa de participación, só valoran por encima da media da USC a capacidade de traballo en equipo e a capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo.

Atendendo agora aos **resultados de aprendizaxe** infórmase que as taxas de rendemento (IN34G), éxito (IN35G), avaliación (IN36G) e graduación (IN37G) son sempre moi superiores á media da USC. Especialmente significativa resulta a comparación das taxas de graduación: 81,48% para esta titulación fronte a 58,23% de media na USC. A diferenza entre as taxas de graduación que se observan nos dous centros obedece á circunstancia de que, por proximidade ao seu domicilio familiar, un importante número de estudantes cámbianse en 2º para o campus de Santiago onde non foran inicialmente admitidos. Este mesmo motivo é o que xustifica as diferenzas nalgún dos indicadores de abandono. Unha análise máis detallada revélanos igualmente taxas satisfactorias para as distintas materias que compoñen o plan de estudos, na medida en que boa parte delas alcanzan unha taxa de éxito de entre o 80% e o 100%, incluíndo Prácticum e TFG.

No que se refire ás **suxestións e reclamacións** presentadas polo alumnado egresado deste título ante o decanato do centro, no curso 2018-19, a valoración é de 3,00.

4. Grao en Mestre/a en Educación Primaria

En relación aos **procesos de admisión** e ás accións de **captación de alumnado**, o Grao en Mestre/a en Educación Infantil réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público. As posibilidades da facultade á hora de determinar criterios de admisión limítanse á súa capacidade de propoñer os baremos de ponderación nas probas de acceso (ABAU) no marco do Sistema Universitario Galego (SUG).

Respecto da **orientación académica e profesional**, a titulación realiza xornadas de acollida ao alumnado de novo ingreso e as coordinacións de curso realizan diferentes xuntanzas ao longo do curso académico para atender a cuestións relacionadas co desenvolvemento académico, persoal e social do estudantado. A titulación e o centro (AM-C11) programan accións de mellora para o próximo curso relacionadas co deseño dun Plan de Acción Titorial (PAT) que enmarque todas as actuacións que xa se están levando a cabo e novas accións previstas. A efectividade e resultados da xornada de acollida, os cursos de ferramentas informacionais organizados conxuntamente coa biblioteca, e as charlas/sesións informativas dirixidas a proporcionar orientación sobre mobilidade, Prácticum ou Traballo de Fin de Grao son valoradas en detalle no informe de seguimento que realiza a titulación.

En relación coa **mobilidade de estudantes**²⁰, o alumnado pode participar de xeito opcional nos programas de mobilidade rexidos polo “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (Erasmus) e extracomunitarios (países de América Latina ou de fala inglesa). A satisfacción media dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade foi dun 3,70 (1-5). Porén, no curso 2018/2019 os estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados supuxo un 2,39 %. Estes valores tan baixos poden responder á dificultade de compaxinar o plan de estudos coa vocación de participar nos

²⁰ IN18G

programas de mobilidade. Sería conveniente dar maior visibilidade á estrutura xeral do título de tal forma que o alumnado poida dispoñer de información suficiente para facer a súa formulación de mobilidade se participa nesa experiencia formativa. Para estimular unha maior participación poderíase integrar ao alumnado que participase nestes programas nas reunións informativas dos mesmos. Nos programas de mobilidade saínte durante o curso 2018/2019 beneficiáronse un total de 44 alumnos, dos cales 12 pertencían ao Grao en Mestre de Educación Primaria: 6 gozaron do Programa Erasmus (2 Portugal, 1 Finlandia, 1 Francia, 1 Polonia, 1 República Checa), 5 realizaron a súa mobilidade dentro do Programa SICUE e 1 participou en convenios bilaterais con Arxentina.

En relación as **metodoloxías de ensino e avaliación da aprendizaxe** pódese indicar que a satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G) se sitúa en 3,91 (1-5). Os aspectos mellor valorados (ao redor de 4) fan referencia á explicación da programación e dos criterios de avaliación, ao cumprimento co plan de traballo previsto, á resolución de dúbidas, á comunicación co alumnado e á axuda prestada nas titorías. Porén, os aspectos menos valorados (3,81) son: os recursos didácticos utilizados, o fomento da participación crítica no aula e o nivel de partida en relación á materia. Por outra banda, o nivel de satisfacción global do profesorado coa docencia impartida (IN47G) sitúase en 4,23 (1-5); o ítem máis valorado globalmente é a accesibilidade que ten o alumnado durante as titorías (4,88). Os menos valorados son a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título (3,22) e o relativo ao material e servizos de apoio á docencia existentes (3,64).

Atendendo agora aos **resultados de aprendizaxe** pódese indicar que os indicadores dos “Resultados previstos” recollidos no apartado 8 da Memoria de Verificación do Título sinalan a taxa de graduación do 70%, a taxa de eficiencia do 85% e a taxa de abandono do 20%. Os resultados obtidos durante o curso 2018/2019 melloran estas previsións e xustifican unha valoración satisfactoria deste criterio. A taxa de graduación (IN37G), a taxa de éxito é de 97,21% (IN35G), a taxa de rendemento (IN34G) foi de 90,99% e a taxa de avaliación (IN36G) foi de 93,60%. A taxa de éxito do Curso ponte foi do 100%. En resumo, os indicadores de resultados de rendemento e éxito dos estudantes demostran que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución das previsións iniciais da Memoria de Verificación do Título e amosan un horizonte de traballo positivo. Na Facultade de Ciencias da Educación, Grao en Educación Primaria, as cualificacións obtidas no **TFG** durante o curso 2018-19 indican que un 82,03% (105) dos estudantes acadaron Notable, seguido dun 15,62% (20) Aprobado e de 2,3% (3) Matrícula de Honra.

5. Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas

A Orde ECI/3858/2007, de 27 de decembro, establece os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de Profesor de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, e fai diversas indicacións para que a estrutura do máster contemple especializacións docentes. O programa formativo organizado en 60 ECTS (16 obrigatorios, 26 optativos, 12 en prácticas externas e 6 de Traballo Fin de máster) desenvólvese de acordo coa memoria do máster (aprobada pola Comisión Redactora o 5 de febreiro de 2009, e polo Consello de Goberno do 11 de febreiro de 2009) mantendo a relevancia académica coa que foi deseñado. No curso 2018-2019 levouse cabo a renovación da acreditación do título, que obtivo informe favorable con data 18/09/2019.

Para o curso 2018-2019 a Sección de **Admisión** e Xestión da USC recibiu un total de 1.618 prescricións (1.197 en Santiago e 421 en Lugo) para as 240 prazas ofertadas (180 en Santiago e 60 en Lugo). Na especialidade de Orientación Educativa establécese unha cota adicional de 20 prazas para os/as titulados/as das Licenciaturas en Pedagogía e Psicopedagogía. O interese do título vese fortalecido pola elevada demanda de estudantes que queren capacitarse para poder acceder aos Corpos de Profesores de Ensino Secundario, Profesores Técnicos de Formación Profesional, Profesores de Música e Artes Escénicas, Profesores Artes Plásticas e Deseño, Mestres de Taller de Artes Plásticas e Deseño e Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas.

No relativo á **orientación académica**, propónse a acción **AM-C11** e MPS-AM-4 (Curso 2018-2019) para potenciar a oferta de cursos específicos de orientación e apoio á elaboración de TFM, en concreto cursos de competencias en información na contorna dixital. Esta acción pensada para desenvolverse en colaboración coa Biblioteca Universitaria en coordinación co Centro de Tecnoloxías para o Aprendizaxe (CeTA) non foi executada, pero trasládase ao curso seguinte co código MPS-AM-3 (Curso 2019-2020), tal e como recolle o informe de alegacións presentado no proceso de renovación de acreditación do título no curso 2019-2020, e que agora se incorpora tamén ao presente informe de seguimento. Esta acción ampliouse con respecto á orixinal coa organización de varios seminarios, entre eles un sobre o TFM como síntese das competencias formativas e as aprendizaxes adquiridas, enfocado sobre todo á contorna dixital, outro sobre orientación profesional para dirixir o estudantado na súa inserción laboral, tendo en conta que a satisfacción dos e das estudantes con este aspecto acadou na enquisa de satisfacción un valor medio de 2,24 sobre 5 (media USC 3,12), e outro seminario pensado para reforzar a adquisición de competencias vencelladas á elaboración de programacións didácticas de cara aos concursos de oposición. Asemade, no campus de Lugo esta acción tamén se retoma na seguinte edición baixo o código MPS-AM-7 (Curso 2019-2020) mediante a organización dun curso específico sobre competencias en información en colaboración coa biblioteca. Tamén destacar que baixo a acción MPS-AM-8 (S) (Curso 2019-2020) impulsárase a realización de actividades de difusión da investigación e de estratexias de innovación educativa relacionadas coas distintas especialidades docentes dirixidas ao alumnado do máster.

O título non conta coa oferta académica de curso de adaptación nin con programas de **mobilidade** entrante ou saínte dirixidos ao alumnado. O desenvolvemento de dous períodos de prácticas en centros educativos en semestres distintos dificulta a súa implementación.

Respecto da **metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe**, indicamos que a satisfacción do alumnado coa docencia recibida (taxa de participación 38%, moi inferior ao 50% do curso anterior) mantense co predominio de valores satisfactorios (ningún inferior a 3,60 sobre 5), similares aos do curso anterior. Os aspectos mellor valorados refírense á relación co docente: “Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes” (4,22), “Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...” (4,21), “A axuda recibida nas titorías foime de utilidade” (4,18). Tamén destaca positivamente o desenvolvemento dos contidos de acordo co cronograma temporal da materia (3,99), as actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma (3,87) e a motivación da participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase (3,87). Globalmente está satisfeito co profesorado nun valor de 3,88 sobre 5, semellante ao curso anterior (3,81). A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (taxa de participación 57,81%) aumentou ata unha media de 4,21.

Durante o curso 2018-2019 executouse a acción MPS-AM-5 (Curso 2018-2019), destinada a revisar a avaliación da materia **Traballo Fin de Máster**. En primeiro lugar, e co fin de establecer uns criterios comúns

de avaliación que contribuirán a diminuír as diferentes perspectivas de investigación que teñen as numerosas áreas de coñecemento que participan no máster, convocáronse dúas reunións co profesorado da titulación, os días 19 de outubro e 9 de novembro de 2018, para traballar no deseño dunha rúbrica de avaliación do TFM. Na primeira reunión de traballo co profesorado tratáronse os seguintes asuntos: a) establecer criterios de avaliación comúns polas grandes diferenzas que existen entre os tribunais avaliadores dos TFM, b) conseguir o compromiso do profesorado coa aplicación dos criterios de avaliación que finalmente sexan acordados e incorporados na guía do TFM, c) definir, partindo dos criterios xerais de avaliación que figuran na actual Guía do TFM, a delimitación de criterios para intentar diminuír as interpretacións, e d) deseñar un modelo de informe do titor/a sobre o seguimento realizado do TFM. Entre a primeira e a segunda reunión de traballo, a coordinación enviou a todo o profesorado para o seu estudo varias propostas de criterios de avaliación e achegas recibidas por correo electrónico. Na segunda reunión acordáronse os criterios que finalmente, tras a súa probación pola comisión do título que se incorporaron á Guía do TFM 2018-2019 ([Web do título](#)) Por outra banda, e co propósito de mellorar o proceso de entrega do TFM aos membros dos tribunais avaliadores, para evitar demoras e/ou extravíos das copias, así como facilitar a entrega no caso do alumnado con dispensa, a coordinación do máster realizou unha consulta ao profesorado da materia para coñecer a súa preferencia (PDF ou formato papel), e publicouse na páxina web do máster para consulta de todo o alumnado ([Web do título](#)).

Dentro desta mesma acción MPS-AM-5 (Curso 2018-2019) aproveitáronse os encontros mantidos co profesorado para tratar a revisión do sistema de avaliación da memoria de **prácticas** doutra materia vertebral do máster, o Prácticum. A satisfacción dos e das estudantes coas prácticas rexistra un valor medio de 4,10 sobre 5, semellante ao do curso anterior. As achegas e posta en común derivaron no documento finalmente aprobado pola comisión do título (Acta do 21 de novembro de 2018) e incorporado á Guía do Prácticum 2018-2029 ([Web do título](#)). O Prácticum é fundamental para a capacitación profesional do estudiantado. Conta cunha asignación de 12 créditos de carácter obrigatorio na memoria verificada, distribuídos en dous períodos de estancia nos centros educativos: Prácticum 1 (primeiro semestre, 4 créditos ECTS) e Prácticum 2 (segundo semestre, 8 créditos ECTS). A través destas prácticas o alumnado ten a posibilidade de desenvolver, nun contexto laboral real, as competencias específicas do máster e tomar contacto coa socialización profesional. Os mecanismos de coordinación que permiten comprobar se os estudantes cumpren satisfactoriamente cos obxectivos desta formación artículanse ao redor dos catro axentes que interveñen no desenvolvemento do Prácticum: coordinación de título, supervisores/ as universitarios/ as, coordinadores/ as e titores/ as de centros.

A organización do Prácticum supón unha colaboración estreita entre o centro universitario responsable do máster e os centros de prácticas onde o alumnado realiza este módulo formativo. Esta colaboración está regulada na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 18 de abril de 2011 (DOG do 13 de maio). Aqueles centros e docentes interesados en colaborar deben solicitalo, se cumpren cos requisitos recolleitos na citada Orde, para ser acreditados. Esta convocatoria é anual, para que os datos duns e doutros poidan ser convenientemente actualizados, e permite ao alumnado do máster contar cunha oferta moi ampla de distintos tipos de centros repartidos por toda Galicia. Os prazos entre a publicación da listaxe oficial por parte da Consellería e o comezo das prácticas é bastante reducido. Isto provoca que a elección por parte do alumnado e a asignación de centro a cargo da coordinación de título teñan que resolverse nun breve período de tempo, coa complexidade que esta dinámica supón para un número tan alto de estudantes. Desde a coordinación da titulación convócase ao alumnado a varias reunións informativas para explicar os procesos

de elección dos centros de prácticas e a asignación de supervisor/a universitario/a a cada estudante. A coordinación das prácticas en cada centro ocúpase de distribuír ao alumnado que acolle entre as persoas titoras. Normalmente a comunicación entre os/as supervisores/as universitarios e os/as titores/as dos centros adoita resolverse a través do correo electrónico. Este procedemento funciona de maneira satisfactoria e non se rexistran incidencias, aínda que é desexable que se fomente a cooperación entre centros e universidade de maneira máis directa, tanto para facer balance do Prácticum como para fomentar unha implicación máis construtiva na súa preparación, seguimento e avaliación. Neste senso, no citado informe de alegacións incorporouse a acción MPS-AM-5 (Curso 2019-2020), e que agora forma parte deste informe de seguimento co mesmo código. A acción está deseñada para procurar un encontro anual entre titores/as e coordinadores/as de prácticas co profesorado universitario, que permita organizar e unificar a acollida dos estudantes e acordar os obxectivos que se pretenden con esta actividade formativa.

A pesar do número elevado de centros e docentes que participaron no Prácticum durante o curso 2018-2019 non se rexistraron incidencias graves que alteraran os prazos do seu desenvolvemento e os criterios da súa avaliación. Os centros colaboradores foron un total de 106, máis un número equivalente de coordinadores/as de prácticas e 196 titores/as. Realizaron as prácticas 238 estudantes (181 da FCE-Santiago e 57 da FFP-Lugo) supervisados por 47 docentes universitarios (34 da FCE-Santiago e 13 da FFP-Lugo) que asumiron un labor moi intenso para o escaso recoñecemento que recibiron da universidade, por cada estudante supervisado 0,8 h no Prácticum I e 1 h. no Prácticum II. Un aumento na súa carga de traballo, como pode ser a colaboración máis estreita cos centros e a participación na acción MPS-AM-5 (Curso 2019-2020), debería incrementar o recoñecemento do seu labor docente.

A valoración do Prácticum segue acadando, como en cursos anteriores, puntuacións moi altas entre o alumnado, supervisores/as e titores/as.

6. Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario

Na Memoria Verificada do Título, seguindo o establecido polo artigo 16 do Real Decreto 1393/2007, establécese que para **acceder** ás ensinanzas oficiais de Máster será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español, do Espazo Europeo de Educación Superior ou algunha titulación extracomunitaria expedida por unha institución acreditada de educación superior que faculte para o acceso a ensinanzas de máster. Na titulación, o sistema de admisión do alumnado realizarase de acordo cos criterios e procedementos establecidos no Regulamento de Posgrao Oficial da USC, seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade. Para acceder a este máster requírese estar en posesión dalgún dos graos e posgraos relacionados coas Ciencias da Educación, as Ciencias Sociais e, en xeral, con aqueles campos de coñecemento relacionados coa investigación en educación e, especialmente, con realidades marcadas pola diversidade cultural e os procesos de desenvolvemento comunitario. Na Memoria Verificada establécese que a tarefa de selección de alumnos correspóndelle ao Departamento, unha función que na actualidade está limitada pola orde do Goberno da Universidade que, primando a cobertura de prazas, impón un sistema de matrícula directa ata cubrir as 29 praza ofertadas. Un procedemento que si garante o número, pero non en todos os casos a adecuación do alumnado ás esixencias da titulación e do seu profesorado. Con todo, os perfís do estudantado matriculado na titulación son coherentes co perfil de ingreso establecido na Memoria Verificada, así o demostran os datos elaborados en relación á titulación dos estudantes do máster que no curso 2018-2019 proviñan das seguintes titulacións:

- Grao en Educación Social pola Universidade de Santiago de Compostela 2
- Grao en Historia da Arte pola Universidade de Salamanca 1
- Grao en Lingua e Literatura Españolas pola Universidade de Santiago de Compostela 1
- Grao en Mestre en Educación Infantil pola Universidade de Santiago de Compostela 1
- Grao en Mestre en Educación Primaria pola Universidade de Santiago de Compostela 5
- Grao en Pedagogía pola Universidade de Santiago de Compostela 3
- Grao en Traballo Social pola Universidade Pública de Navarra 1
- Equivalencia Estudos Estranxeiros en Trámite 1
- Resolución reitoral de equivalencia 8
- Grao en Educación Social pola Universidade de Santiago de Compostela 1

En relación á **orientación** o título e o centro están traballando en diversas melloras (**AM-C11**): coordinacións de título, de TFM e de módulo, no marco das súas competencias, para o que desenvolveron actividades de orientación académica, formación específica referida ao TFM e outras accións de información co obxectivo de favorecer o ascenso da taxa de graduación.

A participación do alumnado en programas de **mobilidade** é escasa ou nula, debido principalmente, á organización temporal dos títulos desta natureza, que pola súa limitación oficial a un curso académico e as esixencias que impón a formación presencial (tarefas, o desenvolvemento do TFM, avaliacións presenciais), imposibilita a participación en accións de mobilidade. Unha realidade que debe ser motivo de reflexión para a súa mellora entre os tomadores de decisións educativas, xestores e persoal docente e investigador.

No marco normativo destaca, pola súa importancia para o alumnado, aquel que regula a avaliación dos **Traballos de Fin de Máster** da USC, que se concreta e especifica de forma operativa na [Guía de TFM](#) desenvolvida pola Comisión Académica do Máster, a Coordinación do Título e a Coordinadora da Materia TFM, nunha interacción consultiva constante co conxunto do profesorado. Nesta guía indícanse as normas básicas (formato, tipoloxía, defensa, titorización e calendario etc.) que rexen o proceso de desenvolvemento, presentación e avaliación do TFM. Na titulación desenvólvese unha dinámica formativa específica para o inicio, proceso e conclusión óptima do TFM, que consiste no nomeamento dun coordinador do TFM que, en colaboración co coordinador do Máster e o resto do profesorado, diseña accións que consisten en: a presentación inicial e explicación do que é o TFM, o desenvolvemento de sesións formativas vinculadas ás materias co obxectivo de facer comprender o significado e proceso de desenvolvemento dun TFM, as accións formativas con colaboradores externos para facilitar o desenvolvemento desta tarefa e a asignación de títolos en función dos temas escollidos polos estudantes e a especialización temática do profesorado; este proceso que conclúe co asesoramento e acompañamento dos estudantes ata a presentación final do TFM. Esta dinámica, no curso 2018-2019 deu lugar a unha taxa de éxito do 100% (INF17). A biblioteca e o seu persoal colaboran de forma sostida coa coordinación do máster na organización anual dun curso de formación sobre procura e tratamento de información para o desenvolvemento do TFM, que conta cunha boa acollida entre o estudiantado da titulación.

7. Máster Universitario en Procesos de Formación

Este máster diríxese, de forma preferente, a egresados/as e profesionais das Ciencias da Educación interesados en continuar coa súa formación permanente e a súa especialización na investigación no ámbito da formación. O **acceso** tamén está aberto a graduados doutras titulacións e profesionais en activo que

pretenden afondar e/ou que desempeñen actividades profesionais no campo da formación. Existe coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título. A matrícula no curso 2018-2019 foi de 22 estudantes (IN02M), dos que 13 eran de novo ingreso (IN04M). O estudiantado do máster formado en Ciencias da Educación foi maioritario (N=11) con 6 estudantes procedentes de Pedagogía, 3 do Grao en Mestre/a de Educación Primaria, 1 do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e 1 da Licenciatura en Psicopedagogía. So 2 estudantes procedían de titulacións non pertencentes ao campo de Ciencias da Educación, 1 do Grao en Psicoloxía e 1 da Diplomatura en Enfermaría (4311781_I2). Un valor positivo respecto ao perfil do estudiantado é o incremento na nota media de acceso por prescrición pasando do 7,22 no curso 2017-2018 ao 7,73 no curso 2018-2019 (IN06M).

Considérase un aspecto primordial para o apoio ao alumnado matriculado no máster a mellora da súa **orientación** profesional e laboral, polo que o centro propón a acción de mellora **AM-C11** e o título propuxo unha acción de mellora (MPF-AM-5) no curso 2018-2019. A partir da análise das taxas de éxito e de avaliación e das cualificacións das materias do título, as dificultades que presenta un número importante de estudantes para o desenvolvemento e presentación do Traballo Fin de Máster fixo necesario que se tomaran decisións sobre a organización, temporalización e orientación da materia que incidiran positivamente na mellora da taxa de graduación e na conseguinte redución da taxa de abandono (MPF-AM-9) e que deberán consolidarse nos seguintes cursos. Será necesario realizar en cada curso académico unha diagnose das problemáticas que ten o alumnado para a elaboración do Traballo Fin de Máster para poder atendelas de maneira axustadas, así como reforzar o labor de seguimento e apoio individual dos/as titores/as do TFM para garantir o seu progreso.

O alumnado do máster non participou en programas de **mobilidade** (IN17M), aínda que hai un incremento na porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de alumnado matriculado, pasando do 0,00% nos 5 cursos académicos anteriores ao 4,55% no curso 2018-2019 (IN18M). Este dato débese á matrícula de unha alumna procedente da Universidad Autónoma del Estado de México (INF.03).

Compróbase que a porcentaxe de rendemento é do 100% en todas as materias, excepto no **Traballo Fin de Máster**, que aínda que incrementa a porcentaxe comparativamente co curso 2017-2018 (54,55% vs. 45,16%) é moi inferior á alcanzada polas demais materias. É necesario realizar en cada curso académico unha diagnose das problemáticas que ten o alumnado para a elaboración do Traballo Fin de Máster para poder atendelas de maneira axustadas, así como reforzar o labor de seguimento e apoio individual dos/as titores/as do TFM para garantir o seu progreso.

En canto ás **prácticas externas**, dispónse dun amplo número de convenios de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e as institucións/empresas para a realización de prácticas académicas externas curriculares do alumnado de todos os títulos do centro, entre eles o Máster Universitario en Procesos de Formación. Desde a Facultade de Ciencias da Educación xestiónanse e actualízanse os convenios de acordo cos intereses do alumnado do máster. O nivel de satisfacción dos e das estudantes coas prácticas externas (3,89/5) elevouse lixeiramente respecto ao curso 2017- 2018 (3,43/5) (IN19M). Unha análise máis pormenorizada dos ítems da enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas mostra que as dimensións puntuadas co nivel máximo da escala (5/5) estaban relacionadas coa adecuación da información previa recibida do procedemento das prácticas e coas instalación e os medios materiais dispoñibles na empresa/institución; e as menos valoradas foron a duración das prácticas (2/5) e o papel das prácticas como un bo contacto co mercado laboral (3/5) (4311781_INF.06_2018-2019). A duración

das prácticas será un dos elementos importantes para abordar nas comisións de avaliación interna do máster e de análise da memoria do máster. Pola contra, a satisfacción dos titores/as profesionais coas prácticas externas obtivo unha valoración inferior (3,33/5) respecto ao curso anterior (4,56/5) (IN20M), se ben o nº de titores/as que responderon foi moi reducido (N=2) (4311781_INF.07_2018-2019). Non se dispón de datos sobre a satisfacción dos titores/as académicos coas prácticas externas no curso 2018-2019. A valoración no curso 2017-2018 foi de 4,60 (IN21M).

8. Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación

En relación á **admisión** obsérvase un alto grao de coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado finalmente nos títulos debido aos criterios de admisión aplicados que contempla o ingreso de tituladas e titulados que facultan, no senso amplo, para actuar no campo profesional da formación, educación e socialización humana.

En relación á **orientación**, enténdese que os servizos de atención ao estudiantado (documentación, informes de cualificacións etc.) postos á disposición do alumnado por parte da institución son os apropiados para a orientación nestes temas. O centro está traballando no deseño dun Plan de Acción Titorial (AM-C11) que poida ser tido en conta no título para o deseño do seu propio. A coordinadora do máster e o profesorado están sempre ao dispor do estudiantado para calquera cuestión de orientación académica e profesional nos seus horarios semanais de titoría presencial. A maiores efectúase tal labor orientativo tamén vía contacto por correo electrónico. A información respecto as titorías do profesorado está publicada e plenamente dispoñible para o alumnado nas páxinas Web e o campus virtual da USC. O máster conta con materias obrigatorias por cuxo motivo as e os estudantes non precisan seleccionar materias. A USC ofrece servizos de orientación en cuestións de necesidades especiais do alumnado, aloxamento etc. En canto á acollida e o apoio ás e ós estudantes dicir que se organiza unha xornada de acollida e apertura de curso para o alumnado no comezo de cada edición e curso do máster na que, á parte dun primeiro contacto co profesorado implicado, se explican todos os aspectos pormenorizados do funcionamento do máster, da organización das materias, estruturación en créditos e a súa coordinación, aspectos xerais da avaliación, do funcionamento dos servizos da Facultade e da USC con vistas ao máster etc.. (Acollida para o novo ingreso do curso 2019-2020: https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/Centros/cc_educacion/descargas/master_igualdad_e_xenero/19_20_Presentacion-master-Igualdade2c-Xenero-e-Educacion-Curso-2019-2020.pdf). Ademais, organízanse seminarios específicos de información, orientación e planificación no tocante ás prácticas e a elaboración dos TFM coa coordinadora do máster, como no caso do 2º ano do máster do curso 2018-2019, e en algún organízanse seminarios específicos de información e orientación coas coordinadoras/coordinador dos módulos.

No que respecta á participación do alumnado en programas de **mobilidade**, é mester sinalar que ata o momento non existiu tal participación en termos estritos polos aspectos singulares e a idiosincrasia do presente máster (un programa trans-e multidisciplinar na temática Igualdade, Xénero e Educación, frecuencia bienal do máster etc.) que dificulta o establecemento de programas específicos de intercambio de máster, que require habitualmente un programa de intercambio cun máster das mesmas características e cun plan de estudos moi parecido. Con todo, é de subliñar que se están establecendo contactos respecto diso, buscando e concretando propostas específicas desde a coordinación do máster a través dos programas Erasmus coa Johann Wolfgang Goethe Universität, Philipps Universität Marburg, Universidade de Coimbra, Universität Koblenz, entre outras universidades e no contexto dos convenios bilaterais existentes entre a USC e outras

universidades, como é o caso da Universidade Estadual do Sudoeste da Bahia, Brasil, e do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos do Xénero/CIFEX da USC e o Museu Pedagógico-UESB no contexto extracomunitario internacional. Isto si, cabe resaltar a xa existente posibilidade de intercambios para o alumnado no marco dos convenios e contactos científicos existentes antes mencionados para a realización das prácticas e estancias de investigación en relación coa elaboración dos TFM, que, por outra banda, foi utilizado con eficacia nas anteriores edicións do Máster-Doutoramento en Educación, Xénero e Igualdade, cuxa traxectoria segue o presente Máster Igualdade, Xénero e Educación.

No caso das **prácticas externas** existen mecanismos de coordinación permanente entre a titora académica e as titoras profesionais e científicas que permiten e garanten ás e ós estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas. Un dos mecanismos que permite a coordinación entre a titora académica e as titoras profesionais, a parte do contacto directo, reside en ter en conta de forma específica a avaliación das titoras profesionais por parte da titora académica que se considera como un *feedback* específico de coordinación permanente. Cabe sinalar a este respecto que o grao de satisfacción xeral para o curso 2018-19 dos/as titores/as externos/as relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título, ítem recolleito no INF. 07 Informe de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (2018/2019), sitúase en valores notablemente altos con 4,4286 puntos de media para o título fronte á media global do 4,14 e en comparación co 3,833 de media do título da edición anterior (curso 2016-17). Á parte do comentado, estimamos como instrumento particularmente útil para a coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos, que no noso caso mostrou a súa eficacia respecto diso, o intercambio de ideas, experiencias e o debate que se producen nas reunións do profesorado. Cabe sinalar, ao respecto, que nestas reunións de profesorado e nas conversas coas titoras e os titores das institucións das prácticas externas, contempouse a celebración dunha reunión con estas titoras e estes titores das prácticas externas para o segundo semestre do curso 2019-2020 con vistas á organización e por mor das novas prácticas a realizar durante o primeiro semestre do curso 2020-2021, cuxa planificación, reunións e seminarios co alumnado organízanse a partir dos meses abril/maio do curso anterior. Pola paralización das actividades institucionais e o confinamento da poboación a raíz da COVID-19, non foi posible desenvolver esta reunión, nin sequera por videoconferencia ou de forma en liña pola imposibilidade de poder contactar coas institucións. Neste sentido cabe sinalar que a situación afecta xa nestes momentos ao desenvolvemento e á organización das próximas prácticas do máster para o curso 2020-2021 (3º semestre do máster) que sufrirán posiblemente un retraso no seu comezo, extremo que, porén, terá o seu reflexo e será explicado de modo pormenorizado, como é obvio, no informe de seguimento correspondente ao curso 2019-2020.

9. Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria

Este máster, de carácter interuniversitario, é o único do sistema educativo galego que ofrece a especialización a mestres e mestras que nun número considerable rematan a titulación nas universidades galegas, españolas e doutros países. Esta especialización dirixese ás materias curriculares (linguas, matemáticas, música, artes plásticas, ciencias naturais, ciencias sociais, educación física), sen esquecer as novas tendencias que destacan a importancia de considerar a interdisciplinaridade, a introdución de novas metodoloxías e o desenvolvemento de competencias lingüísticas necesarias para afrontar os requirimentos do plan de potenciación das ñinguas estranxeiras.

Os criterios de **admisión** aplicados engaden, á nota do expediente (70%), a experiencia profesional (15%) e a experiencia investigadora (15%) e permiten que os e as estudantes admitidas teñan un perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos. No curso 2018/19, matriculáronse 20 estudantes (unha delas a tempo parcial), todos coa diplomatura ou o grao de maxisterio, tanto na especialidade de Infantil como na de Primaria.

Neste primeiro ano de vixencia do Máster interuniversitario, no que participan as universidades da Coruña (UDC); Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UdV), seguiu-se a oferta de materias recollidas na memoria de verificación. Co todo, neste curso 2018/19 só a UDC fixo unha oferta completa de todas as materias optativas. Na USC, a oferta foi de nove optativas (non se impartiu unha optativa de Plástica, a P3401210 Procesos e estratexias en fotografía e arte contemporánea, nin as optativas de Educación Física e Expresión Musical, P3401205 Traballo por proxectos en educación física, P3401206 Investigación e innovación en didáctica da expresión corporal, P3401207 Investigación e innovación en educación musical e P3401208 Expresión musical e novas tecnoloxías. Estratexias didácticas) por non contar con suficiente capacidade docente na áreas de Didáctica da Expresión Plástica, Didáctica da Expresión Corporal e Didáctica da Expresión Musical .

Con relación á **coordinación**, convén destacar que, ademais das reunións realizadas en cada unha das universidades polo profesorado das distintas materias (que están compartidas entre diferentes áreas de coñecemento), as relativas ao Prácticum e ao TFM, e as da comisión académica do máster, celebrouse unha reunión da comisión académica interuniversitaria na que se trataron especificamente aspectos relacionados coa coordinación. Nesta reunión fíxose unha revisión xeral do TFM, na que se aprobou que houbera presenza de propostas de innovación ademais das de investigación.

O **Prácticum** constitúe unha materia con ampla traxectoria nas Facultades de Ciencias da Educación, polo que existe toda unha cultura de traballo asumida polo profesorado do máster, así como polo profesorado dos niveis educativos obrigatorios que asumen a responsabilidade de titorizar o alumnado. Cabe sinalar que neste primeiro curso do máster promoveuse unha importante iniciativa, pois asinou-se un convenio entre as tres universidades e a Consellería de Educación co obxecto de facilitar e consolidar o acceso deste Prácticum nos centros escolares galegos. O alumnado da USC realizou o seu período de prácticas en centros públicos seleccionados pola súa implicación en planes de innovación. A selección fíxose despois dunha xuntanza na que participaron os titores e titoras, o alumnado, a coordinación e os responsables da Consellería de Educación. Tratouse de aliñar a temática dos TFMs cos centros onde podería encaixar mellor a investigación ou proposta de innovación que o alumnado estaba a desenvolver. Tamén tivo lugar unha xuntanza, previa á estancia do alumnado nos centros de Prácticum, na que foron invitados o persoal titor dos centros, o profesorado e o alumnado do Máster.

En termos xerais, o número de **profesores e profesoras** que imparten materias no máster é amplo, motivado pola presenza de materias interdisciplinarias cuxo encargo correspondeu a máis dun docente. Concretamente, na Universidade de Santiago de Compostela (USC) o número de profesores que participan no máster este primeiro ano é de 24, sendo aproximadamente a metade profesorado permanente (8 TU y 5 CD). Tamén imparten docencia 4 Axudantes Doutores, 5 Asociados e 3 Profesores interinos. A maior parte do profesorado posúe o título de doutor e está integrado en grupos de investigación. Como xa se mencionou, durante este primeiro ano de implantación, o profesorado non foi suficiente para impartir todas as materias obrigatorias e as 14 optativas que se contemplan no plan de estudos do título.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: O Centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación).

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que ten que impartir docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos á contorna de traballo.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

A garantía e mellora dos procesos organizativos relacionados cos recursos humanos vinculados aos programas formativos (persoal académico e tamén persoal de administración e servizos de apoio) réxese, na Facultade de Ciencias da Educación, polo establecido no proceso de soporte *PS-01, Xestión dos recursos humanos*, do Manual de procedementos do SGC. Porén, este ámbito non é competencia directa nin principal da facultade, e está sometida a procesos de nivel superior, que se recollen no Manual de procesos institucionais da USC, particularmente o *PI-03, Xestión dos recursos humanos*.

Corresponde á facultade, no marco das súas competencias, tal e como se recolle no seu SGC, avaliar a suficiencia e adecuación do persoal co que conta e as condicións en que desenvolve o seu labor. De seguido se presentan os trazos principais dos recursos humanos da Facultade de Ciencias da Educación neste curso 2018-19.

- **Persoal académico**

Preséntase, a continuación, o cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Ciencias da Educación. As táboas seguintes, mostran as características do profesorado que participa nestes programas, en función de categoría, titulación e experiencia docente e investigadora.

Datos do profesorado de cada titulación por categoría²¹:**Grao en Pedagogía**

Categoría	Número	Total (%)	Horas (%)
Contrato Predoutoral Ministerio	8	13,11%	6,71%
Contrato Predoutoral Xunta	4	6,56%	3,14%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	6	9,84%	12,55%
Profesor: Asociado de Universidade Lou	3	4,92%	2,35%
Profesor: Contratado Interino	10	16,39%	12,74%
Profesor: Profesor Axudante Doutor Lou	4	6,56%	6,86%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	12	19,67%	18,44%
Profesor: Titular de Universidade	14	22,95%	37,20%
TOTAL	61	100,00%	100,00%

Grao en Educación Social

Categoría	Número	Total (%)	Horas (%)
Contrato Predoutoral Ministerio	5	8,93%	3,40%
Contrato Predoutoral Xunta	3	5,36%	2,65%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	4	7,14%	4,51%
Profesor: Asociado de Universidade Lou	6	10,71%	7,09%
Profesor: Contratado Interino	7	12,50%	9,75%
Profesor: Profesor Axudante Doutor Lou	4	7,14%	6,17%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	12	21,43%	33,23%
Profesor: Titular de Universidade	15	26,79%	33,20%
TOTAL	56	100,00%	100,00%

Grao en Mestre/a en Educación Infantil

Categoría	Número	Total (%)	Horas (%)
Contrato Predoutoral Ministerio	3	5,26%	2,09%
Contrato Predoutoral Xunta	2	3,51%	2,30%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	3,51%	6,73%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	8	14,04%	5,23%
Profesor: Contratado Interino	15	26,32%	22,82%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	4	7,02%	7,80%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	8	14,04%	11,61%

²¹ E15

Profesor: Titular de Escola Universitaria	3	5,26%	9,48%
Profesor: Titular de Universidade	12	21,05%	31,93%
TOTAL	57	100,00%	100,00%

Grao en Mestre/a en Educación Primaria

Categoría	Número	Total (%)	Horas (%)
Contrato Posdoutoral Ministerio	1	0,95%	0,22%
Contrato Predoutoral Ministerio	8	7,62%	2,82%
Contrato Predoutoral Xunta	7	6,67%	2,45%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	0,95%	1,98%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	27	25,71%	21,28%
Profesor: Contratado Interino	17	16,19%	19,95%
Profesor: Lector	2	1,90%	0,52%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	9	8,57%	11,89%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	12	11,43%	15,00%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	5	4,76%	9,59%
Profesor: Titular de Universidade	16	15,24%	14,29%
TOTAL	105	100,00%	100,00%

Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas [S]

Categoría	Número	Total (%)	Horas (%)
Contrato Posdoutoral Ministerio	1	1,12%	0,26%
Investigador: Programa Juan de la Cierva - 80 horas	1	1,12%	0,82%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	23	25,84%	33,95%
Profesor: Contratado Interino	15	16,85%	8,98%
Profesor: Lector	1	1,12%	0,62%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	10	11,24%	11,80%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	14	15,73%	19,29%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	3	3,37%	3,34%
Profesor: Titular de Universidade	21	23,60%	20,93%
TOTAL	89	100,00%	100,00%

Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario

Categoría	Número	Total (%)	Horas (%)
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	5	25,00%	28,99%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	2	10,00%	9,08%

Profesor: Profesor Contratado Doutor	6	30,00%	28,60%
Profesor: Titular de Universidade	7	35,00%	33,33%
TOTAL	20	100,00%	100,00%

Máster Universitario en Procesos de Formación

Categoría	Número	Total (%)	Horas (%)
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	9,09%	5,77%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	2	9,09%	5,51%
Profesor: Contratado Interino	3	13,64%	20,10%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	6	27,27%	23,08%
Profesor: Titular de Universidade	9	40,91%	45,54%
TOTAL	22	100,00%	100,00%

Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación

Categoría	Número	Total (%)	Horas (%)
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	3	27,27%	17,48%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	1	9,09%	2,18%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	2	18,18%	31,76%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	1	9,09%	8,74%
Profesor: Titular de Universidade	4	36,36%	39,83%
TOTAL	11	100,00%	100,00%

Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria

Categoría	Número	Total (%)	Horas (%)
Profesor: Asociado de Universidade Lou	5	19,23%	11,62%
Profesor: Contratado Interino	4	15,38%	9,48%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	4	15,38%	17,76%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	5	19,23%	23,01%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	1	3,85%	8,32%
Profesor: Titular de Universidade	7	26,92%	29,81%
TOTAL	26	100,00%	100,00%

- **Experiencia docente e investigadora do profesorado**

A experiencia docente e investigadora, indicada polo recoñecemento de complementos por méritos docentes (quinquenios) e investigadores (sexenios) do profesorado permanente, é tamén un indicador do nivel de

cualificación do profesorado responsable dos títulos.

Os cadros seguintes detallan estes indicadores de experiencia docente e investigadora para os títulos obxecto desta memoria; a información organízase por áreas de coñecemento, o que permite, ademais, visualizar a distribución do profesorado entre ás áreas de coñecemento directamente vinculadas coas titulacións:

Grao en Pedagogía

Área	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
[775] Socioloxía	1	4	6
[215] Didáctica e Organización Escolar	15	12	34
[625] Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	12	4	26
[805] Teoría e Historia da Educación	31	38	66
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	1	0	0
[740] Psicoloxía Social	1	1	6
TOTAL	61	59	138

Grao en Educación Social

Área	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
[215] Didáctica e Organización Escolar	14	6	27
[625] Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	12	2	23
[805] Teoría e Historia da Educación	27	32	66
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	2	7	10
[740] Psicoloxía Social	21	1	6
TOTAL	56	48	132

Grao en Mestre/a en Educación Infantil

Área	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
[775] Socioloxía	1	0	4
[187] Didáctica da Expresión Corporal	5	0	0
[189] Didáctica da Expresión Musical	2	1	7
[193] Didáctica da Expresión Plástica	5	1	6
[195] Didáctica da Lingua e a Literatura	6	1	8

[200] Didáctica da Matemática	3	0	6
[205] Didáctica das Ciencias Experimentais	4	3	6
[210] Didáctica das Ciencias Sociais	2	0	1
[345] Filoloxía Inglesa	1	0	6
[575] Lingüística Xeral	1	0	5
[215] Didáctica e Organización Escolar	11	12	22
[625] Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	3	0	3
[805] Teoría e Historia da Educación	3	4	6
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	8	6	14
[615] Medicina Preventiva e Saúde Pública	2	1	11
TOTAL	57	29	105

Grao en Mestre/a en Educación Primaria

Área	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
Ciencia Política e Socioloxía	2	0	4
[187] Didáctica da expresión Corporal	6	0	0
[189] Didáctica da expresión Musical	6	1	6
[193] Didáctica da expresión Plástica	5	0	5
[195] Didáctica da Lingua e a Literatura	9	1	8
[200] Didáctica da Matemática	8	2	10
[205] Didáctica das Ciencias Experimentais	12	3	6
[210] Didáctica das Ciencias Sociais	10	4	1
[335] Filoloxía Francesa	1	0	0
Filoloxía Galega	3	9	15
[345] Filoloxía Inglesa	9	1	10
[030] Antropoloxía Social	1	0	0
[375] Filosofía	3	0	0
[215] Didáctica e Organización Escolar	11	9	29
[625] Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	6	1	20
[805] Teoría e Historia da Educación	3	0	4
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	9	3	16
TOTAL	104	34	134

Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas [S]

Área	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
[412] Fisioloxía Vexetal	1	2	3
[189] Didáctica da expresión Musical	7	1	10
[193] Didáctica da expresión Plástica	6	1	11
[195] Didáctica da Lingua e a Literatura	7	1	2
[200] Didáctica da Matemática	4	2	4
[205] Didáctica das Ciencias Experimentais	6	3	6
[210] Didáctica das Ciencias Sociais	6	4	2
[240] Edafoloxía e Química Agrícola	1	0	0
[015] Análise Matemática	2	3	9
[335] Filoloxía Francesa	1	0	9
[340] Filoloxía Grega	1	4	0
[355] Filoloxía Latina	2	4	6
Filoloxía Galega	1	2	12
[345] Filoloxía Inglesa	1	4	6
[030] Antropoloxía Social	1	0	5
[375] Filosofía	2	0	0
[383] Filosofía Moral	1	3	0
[395] Física da Materia Condensada	1	3	6
[450] Historia Contemporánea	1	0	6
[490] Historia Moderna	1	1	3
[635] Música	1	0	0
[567] Lingua Española	1	0	5
[575] Lingüística Xeral	1	0	5
[005] Álgebra	2	5	12
[440] Xeometría e Topoloxía	1	4	6
[215] Didáctica e Organización Escolar	11	3	8
[625] Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	9	1	8
[805] Teoría e Historia da Educación	4	1	5
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	6	4	17
[010] Análise Xeográfica Rexional	1	0	0
TOTAL	90	56	157

Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario

Área	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
------	--------	---------------------	---------------------------

[805] Teoría e Historia da Educación	20	42	78
TOTAL	20	42	78

Máster Universitario en Procesos de Formación

Área	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
[215] Didáctica e Organización Escolar	13	23	52
[625] Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	9	5	21
TOTAL	22	28	73

Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación

Área	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
[775] Socioloxía	3	4	10
[140] Dereito do Traballo e da Seguridade Social	1	0	0
[383] Filosofía Moral	1	5	6
[490] Historia Moderna	1	5	6
[575] Lingüística Xeral	1	1	5
[625] Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	2	2	7
[730] Psicoloxía Básica	1	1	6
[255] Enfermaría	1	0	0
TOTAL	11	18	40

Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria

Área	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
[187] Didáctica da expresión Corporal	4	0	0
[189] Didáctica da expresión Musical	1	1	3
[193] Didáctica da expresión Plástica	2	1	6
[195] Didáctica da Lingua e a Literatura	4	0	0
[200] Didáctica da Matemática	4	2	10
[205] Didáctica das Ciencias Experimentais	4	3	6
[210] Didáctica das Ciencias Sociais	4	4	2

[215] Didáctica e Organización Escolar	2	1	9
[625] Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	1	0	2
TOTAL	26	12	38

O centro conta con grupos de investigación consolidados. A continuación detallamos os grupos de investigación por departamentos con sede na facultade:

Departamento de Didácticas Aplicadas:

Grupo	Coordinadora
GI-1667 Razoamento, Discurso e Argumentación	Puig Mauriz, B.
GI-1839 Literatura galega. Literatura Infantil e Xuvenil. Investigacións literarias, artísticas, interculturais e educativas	Franco Vázquez, M. D. C.

Departamento de Pedagogía e Didáctica:

Grupo	Coordinador/a
GI-1438 Tecnoloxía Educativa	Cebreiro López, B.
GI-1439 Grupo de investigación Stellae	Gewerc Barujel, A.
GI-1447 Pedagogía Social e Educación Ambiental	Caride Gómez, J. A.
GI-1444 Grupo Interuniversitario de Estudos	Trillo Alonso, J. F.
GI-1451 Terceira Xeración	Touriñan López, J. M.
GI-1790 Escola cultura	Santos Rego, M. A.
GI-1867 Grupo Galego de estudos para a formación e inserción laboral	Sarceda Gorgoso, C.
GI-1468 Diagnóstico e Orientación Educativa e Profesional	Fernández Rey, E.
GI-1469 Investigación, diagnóstico educativo e avaliación.	Porto Castro, A. M.
GI-2124 Educación, Natureza, Arte e Excursionismo	Otero Urtaza, E. M.
GI-2165 Grupo de Investigación ATALAIA	Fernández Tilve, M. D.
GI-2171 Grupo de Investigación Educativa MESTURA	Muñoz Carril, P. C.

Cómpre deixar constancia da incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido, cunha imparable diminución da porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total.

A escaseza de profesorado ten unha notable incidencia na ratio profesor/alumno e no tamaño dos grupos de docencia. Os históricos desequilibrios entre as áreas de coñecemento implicadas na docencia dos títulos que se imparten nesta facultade (Ciencias Sociais e Xurídicas) e outras grandes áreas (Ciencias, Ciencias da Saúde, Enxeñería), lonxe de acurtarse, incrementáanse progresivamente. Por esta razón, a maior parte das

áreas de coñecemento implicadas na docencia dos títulos son moi deficitarias, o que fai que a docencia se vexa gravemente afectada cando se produce calquera continxencia, mesmo prevista, ao longo do curso. É necesario adaptar o cadro de persoal ás necesidades reais e aumentar a presenza de PDI funcionario ou contratado a tempo completo.

En relación á **formación do profesorado**²² e a **mobilidade**²³, a USC conta cun programa estable de Formación e Innovación Docente (PFID), que oferta cursos ao longo do curso académico. A satisfacción do profesorado neste tipo de actividades é alta e, así, todas as puntuacións superan o valor 4 nunha escala 1-.5²⁴. Ademais, a participación do profesorado do centro incrementouse notablemente no curso 2018-19, tal e como se recolle na seguinte táboa:

Porcentaxe profesores/as que participan en formación:

Titulación	2017-18	2018-19
Grao en Pedagogía	38,71%	49,18%
Grao en Educación Social	27,12%	46,43%
Grao en Mestre/a en Educación Infantil	31,34%	36,67%
Grao en Mestre/a en Educación Primaria	30,43%	33,33%
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino De Linguas	38,82%	37,99%
Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural E Desenvolvemento Comunitario	13,64%	30,00%
Máster Universitario en Procesos de Formación	29,17%	45,45%
Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación	26,32%	11,76%
Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	-	53,85%

A **mobilidade e as estadias de investigación** son outra vía que o profesorado universitario utiliza para manterse actualizado, principalmente no plano investigador. Na actualidade, a porcentaxe de PDI que realiza este tipo de accións é moi baixa, o cal se atribúe, en boa medida, a que o calendario académico non deixa ningún período significativo libre de actividades lectivas, o que dificulta a súa realización.

Porcentaxe profesores/as que participan en programas de mobilidade:

Titulación	2018-19
Grao en Pedagogía	3,28%
Grao en Educación Social	3,57%

²² 5016_I6-I7 Participación do PDI e PAS nos plans de formación

²³ I-10 Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do Título

²⁴ 5016_INF.10 Informe da enquisa de satisfacción mediado PDI coas actividades formativas desenvolvidas 2018-2019

Grao en Mestre/a en Educación Infantil	1,75%
Grao en Mestre/a en Educación Primaria	1,92%
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino De Linguas	1,12%
Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural E Desenvolvemento Comunitario	-
Máster Universitario en Procesos de Formación	4,55%
Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación	-

En **resumo**, infórmase que na Facultade de Ciencias da Educación decreceu o PDI con sexenios, PDI doutor e PDI funcionario. Esta tendencia ten relación co aumento nas xubilacións de profesorado pola pirámide do cadro de persoal da USC e as condicións de contratación que paralizaron a carreira profesional dos docentes na USC, precarizando as prazas con perfil de asociados con contratos de poucas horas (Asociado de Universidade LOU, 3; Profesor Contratado Interino, 10). É necesaria renovación do cadro de persoal e a transformación de prazas non estables a prazas estables que permitan lograr unha estabilidade no centro.

No relativo á **dotación de Persoal de Administración e Servizos (PAS)** a Facultade de Ciencias da Educación conta cun cadro bastante estable, con 23 persoas en tarefas de servizos e administración²⁵. É importante sinalar que tanto o persoal de biblioteca como o de conserxaría, do Campus Sur, é compartido coa Facultade de Psicoloxía e que non se conta con persoal técnico de apoio directo á docencia.

Unidade	Número de postos
Apoio administrativo dptos. CC. Educación	8
Conserxería CC. da Educación	10
Secret. Decanato CC. da Educación	1
Uni. Xest. Centro dep. CC. da Educación	3
Unidade aa. ee. CC. da Educación	1

É de destacar, en xeral, a boa disposición do PAS e, máis en particular, a especial implicación do persoal da biblioteca do centro en tarefas de apoio directo aos programas formativos. Este persoal realiza tarefas de formación e asesoramento aos/ás estudantes en relación coa busca e selección de información bibliográfica; ademais, realiza anualmente a revisión da bibliografía recomendada nos programas das materias para asegurar a súa dispoñibilidade e participa activamente na presentación dos servizos da biblioteca a potenciais futuros estudantes no marco das xornadas de portas abertas.

En canto á **formación do PAS**, este conta, como o PDI, cun programa de formación estable, cuxos datos indican unha notable participación do persoal do centro nas actividades que organiza. Ao igual que sucede co PDI, o PAS da Facultade de Ciencias da Educación incrementou, no curso 2018-19, a súa participación en actividades de formación, evolucionando esta participación dun 50,00% no curso 2017-18 ao 70,59% no curso 2018-19²⁶.

²⁵ 5064_E16 Participación do PDI e PAS nos plans de formación

²⁶ 5016_I6-I7 Participación do PDI e PAS nos plans de formación

Para rematar, no tocante á **satisfacción, queixas e suxestións**, pódese comentar que a satisfacción do PAS incrementouse nos últimos anos (pasando dun 3,04 no curso 2017-18 ao 3,47 no curso 2018-19²⁷). A satisfacción do profesorado coa docencia impartida mostra unha puntuación que foi incrementándose todos os anos.

Cómpre indicar que o persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca) é suficiente, en xeral, excepto se pensamos en que a facultade ten que atender a oito titulacións, algunhas con moitos elementos de excepcionalidade, como é o caso do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas distribuídas en dous campus (Norte e Vida) ademais da xestión do desenvolvemento de dous programas de doutoramento e varios títulos propios. No que respecta á cualificación que posúen, esta é apropiada para desenvolver as súas funcións en relación cos títulos, agás no que respecta ás necesidades derivadas da incorporación das tecnoloxías á docencia.

²⁷ IN49C-Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: O centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencial e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

O proceso PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos do Manual de Procedementos do SGC recolle a sistemática para a xestión e mantemento destes recursos, que requiren dunha renovación e substitución periódica, á que se suma a detección de novas necesidades. Para atendelas planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles.

Na páxina web da facultade infórmase sobre as [infraestruturas e recursos materiais](#) dos que se dispón, con indicación da ocupación de espazos, capacidade e equipamento. Os servizos dispoñibles para impartir a titulación poden considerarse suficientes pero pouco satisfactorios (proponse acción de mellora **AM-C3**), tanto polo que se refire aos recursos (aulas, laboratorios, espazos para traballo dos e das estudantes etc.) como aos mecanismos para garantir a súa revisión e mantemento. Cómpre apuntar as melloras realizadas na área de infraestruturas durante o curso 2018-2019 na Facultade de Ciencias da Educación -Campus Vida e Campus Norte:

Melloras no Campus Vida

- 2 baños pmr planta -1, planta 0 módulo A
- Baños inclusivos - módulo A

Melloras no Campus Norte

- Reforma integral Aula 1 e Aula 3
- Portas automáticas -Unha entrada

- Moqueta sala de xuntas	- Baños Planta primeira
- Pulido e vernizado sala sarmiento	- Ducha ximnasio-norte
- Portas automáticas - módulo c1 e módulo c2, módulo A	- Reparación ximnasio
- Equipamento mobiliario aulas 2-3 módulo c2 e aula 3 módulo A	- Ampliación rosetas campus norte
- Ampliación puntos wifi	- Fontanería
- Sinalética	- Liña eléctrica corredores decanato Norte
- Substitución luminarias- led	- Fase II ventás campus Norte
- Mobiliario despachos enchufes, luminarias leds e cadeiras de profesorado	- Canalón acceso Facultade módulo Sur
	- Equipamento Mobiliario Aulas 1, 3 e 14
	- Reformas e acondicionamento das Aulas 22 e 25
	- Ampliación puntos wifi
	- Sinalética
	- Mobiliario despachos, enchufes, luminarias Leds e cadeiras de profesorado

Da identificación de necesidades por parte do equipo decanal, así como das demandas formuladas polos grupos de interese durante o curso 2018-19, xorden novas accións de mellora a planificar para 2019-20 (AM-C2 e AM-C3), no marco duns obxectivos de calidade que teñen carácter continuado no tempo, como son os relativos a manter unha dotación adecuada de equipamento para a docencia en xeral e para as prácticas en particular, dispoñer de infraestrutura de conexión suficiente para o uso das TIC na docencia e dispoñer de espazos que atendan ás necesidades do estudiantado:

Os resultados das enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese informan da percepción dos **espazos docentes da Facultade**:

1. Grao en Pedagogía

O alumnado informa²⁸ que as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados (2,33 e aumenta lixeiramente respecto ao curso anterior), pero a súa valoración segue sendo inferior á valoración global da USC. O campus virtual é útil e facilita as xestións académicas: 3,78 (por riba da USC con 3.72). Incrementa lixeiramente a satisfacción dos e das egresadas coas infraestruturas e os materiais dispoñibles no centro xa que aumenta a un 2,57 respecto o 2,00 do curso 2017-18. Sen embargo, a puntuación é baixa en relación a USC 2,89.

2. Grao en Educación Social

Referido aos recursos materiais, infraestruturas e servizos, o alumnado informa valores baixos en ítems relativos aos recursos educativos dispoñibles e ás infraestruturas e materiais dispoñibles no centro, os cales obteñen os valores de 2,75 e 2,50 respectivamente²⁹. En canto á valoración que o profesorado fai sobre esta

²⁸ INF.22

²⁹ INF.22

dimensión, destacan puntuacións superiores ás outorgadas polo alumnado na totalidade de ítems analizados, obténdose os seguintes valores: adecuación das aulas e bo estado do seu equipamento para o labor docente a desenvolver (3,75); recursos educativos dispoñibles (4,00).

Complementariamente, apúntase tamén o grao de satisfacción das persoas egresadas cos servizos existentes, o cal obtén unha puntuación de 4,00 sobre 5³⁰, o que supón un incremento en comparación cos valores acadados en cursos anteriores (3,67 nos cursos 2014-1015 e 2015-2016; 3,82 no 2016-2017 e 3,81 no 2017-2018). De xeito detallado, tendo en conta os indicadores analizados, cómpre destacar as puntuacións positivas obtidas no referido á biblioteca (4,33), aos recursos tecnolóxicos (4) e á cafetería (3,67). Pola contra, con puntuación máis baixa resalta a satisfacción do estudiantado egresado coas infraestruturas e os materiais dispoñibles no centro (2,33 sobre 5³¹).

3. Grao en Mestre/a en Educación Infantil

Nas enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación, o grao de satisfacción cos materiais e infraestruturas docentes é baixo (1,67 sobre 5). O valor medio da USC é 2,64. Porén, a valoración da ferramenta do Campus Virtual é positiva (3,75).

Os indicadores de satisfacción das persoas egresadas no curso 2018-19 en relación cos recursos e servizos (recursos tecnolóxicos, biblioteca, cafetería/comedor) acadan unha media de 4.

4. Grao en Mestre/a en Educación Primaria

A valoración media das persoas egresadas cos servizos dispoñibles no curso 2018/2019 é de 3,33. A satisfacción media do alumnado cos recursos materiais mostra unhas baixas puntuacións. Así, en relación aos recursos educativos ofrecidos a media sitúase no 2,57. A puntuación máis baixa é a que alumnas e alumnos dan ás infraestruturas dos centros: 1,86. Neste senso, a puntuación máis elevada é a que marca a valoración feita respecto dos recursos dixitais como o Campus Virtual con 17 de 54 (3,57).

A satisfacción do profesorado cos recursos materiais e servizos amosa unha diferenza importante respecto as opinións vertidas polo alumnado. En relación aos recursos educativos utilizados, o profesorado marca unha media de 3,35. En canto ás aulas, infraestruturas e equipamento, o profesorado fai unha valoración de 3,30. Por último, o ítem mellor valorado é en relación a contribución do Campus Virtual a súa docencia, cunha media de 4,33.

5. Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas

A súa valoración global do alumnado en relación ás infraestruturas e materiais dispoñibles no centro é baixa 2,48 sobre 5. A súa satisfacción sobre as infraestruturas e materias do centro foi de 2,29 sobre 5 (media USC 3,30); no tocante á biblioteca de 3,39 sobre 5 (media USC 4,02) e polo que se refire á cafetería /comedor de 2,88 sobre 5 (media USC 3,56).

O profesorado da titulación considerou cun 3,89 sobre 5 que o material e servizos de apoio á docencia existente na universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo) foron axeitados para o desenvolvemento da actividade docente (3,67). De xeito particular,

³⁰ IN33G

³¹ INF.09

sobre o feito de que as aulas e o equipamento nos centros estaban en bo estado e foron adecuados para o seu labor docente, a puntuación foi de 3,20 sobre 5. No tocante a se os recursos educativos dispoñibles foron axeitados, o valor medio foi de 3,13 sobre 5.

Por último, a satisfacción do alumnado coas instalacións e os medios materiais dos que dispuxo para o desenvolvemento das prácticas externas é de 4,59. A pesar das dificultades que rodean a administración e a xestión do máster o seu desenvolvemento conseguiu realizarse de forma óptima.

6. Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario

A titulación conta cos espazos, recursos materiais e servizos adecuados e suficientes para o seu correcto desenvolvemento. Destacar que a nivel de espazos se conta co Seminario Herminio Barreiro (22 prazas) equipado con mobiliario cómodo, encerado dixital, acceso a internet, computador e canón de vídeo, destinado preferentemente para o desenvolvemento das actividades do máster. Así mesmo, en caso de necesidade tamén se pode facer uso da aula 9 (95 prazas) ou, no seu caso, da aula Sarmiento (40 prazas) e o salón de actos (281 prazas) para actividades de ampla participación.

En canto aos servizos dirixidos ao estudiantado e á realización de actividades grupais fóra de aula, a facultade conta con espazos comúns dotados de mesas, cadeiras e conexión sen fíos a Internet. A biblioteca localizada na Facultade de Ciencias da Educación (Biblioteca InterCentros de Psicoloxía e Ciencias da Educación) é outro servizo esencial para os estudantes do máster. Ademais de ofrecer un fondo bibliográfico e de documentación excelente, tamén conta con espazos para a lectura e a procura virtual de información. A biblioteca e o seu persoal colaboran de forma sostida coa coordinación do máster na organización anual dun curso de formación sobre procura e tratamento de información para o desenvolvemento do TFM, que conta cunha boa acollida entre o estudiantado da titulación.

Considerando os datos que se desprenden dos cuestionarios de satisfacción do alumnado correspondente ao curso 2018-2019, no ítem dedicado a “os recursos educativos dispoñibles son axeitados”, as respostas son de satisfacción máxima de 5 sobre 5³². Na mesma liña, en relación á idoneidade e adecuación das infraestruturas e materiais dispoñibles no centro, o alumnado que responde os cuestionarios expresa un alto nivel de satisfacción (4,75 sobre 5³³), datos que en xeral permiten afirmar que os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son axeitados e axustados aos obxectivos formativos, a modalidade do título e ao número de estudantes que participan no máster.

7. Máster Universitario en Procesos de Formación

As infraestruturas destinadas ao proceso formativo e a dispoñibilidade de aulas son adecuadas. O estudiantado valora a adecuación dos recursos educativos cun 3,50 sobre 5; as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro cun 3,00 sobre 5 e a utilidade do campus virtual cun 3,00 sobre 5³⁴. O profesorado puntúa a adecuación dos recursos educativos cun 3,86 sobre 5; o estado e a adecuación das aulas e do seu equipamento docente cun 4,00 sobre 5 e o papel do campus virtual para o labor docente cun 4,57 sobre 5³⁵.

³² INF.22

³³ INF.22

³⁴ INF.22

³⁵ INF.23

Na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida a valoración media á pregunta relacionada coa adecuación do material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo) para o desenvolvemento da materia que imparte a puntuación é de 4,00/5³⁶, algo inferior ao 4,31/5 do curso 2017-2018.

Entre os servizos de apoio ao alumnado, o menos valorado por este colectivo foi o referido aos trámites de matriculación (2,50/5) (escala de 1 a 5) e o máis valorado a orientación profesional e laboral recibida no centro (4,00/5). Tanto a información dispoñible sobre a titulación como a atención prestada polo persoal de administración e servizos son puntuados con 3,00³⁷. Respecto ao profesorado, nesta dimensión, o ítem menos valorado foi o referido as vías existentes para participar na mellora da calidade (4,00/5) e o máis valorado foi a adecuación da información que ten sobre a titulación, en canto a aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos e competencias (4,29/5³⁸).

Respecto á valoración media das preguntas relativas á satisfacción cos servizos dispoñibles por parte dos egresados/as (IN33M) subiu lixeiramente respecto ao curso anterior (3,50 vs. 3,33).

8. Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación

Os fondos bibliográficos, recursos documentais etc. son suficientes e están actualizados. A biblioteca do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos do Xénero ,(CIFEX) da USC conta ademais, xa na actualidade, con oito volumes de temática específica do complexo temático que constitúe o núcleo central do presente máster, publicados polo prestixioso Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC que segue un sistema rigoroso de perfís científicos e que teñen relación, sobre todo, con algunhas materias específicas do máster, como é o caso de “Violencia e xénero”, “Educación, Coeducación e Socialización en función do Xénero”, “Historia das Mulleres e Mulleres e Homes na Historia” e “Políticas Públicas e Xénero”.

Os **recursos materiais e servizos dispoñibles** para impartir as titulacións poden considerarse suficientes, pero en ningún caso satisfactorios, tanto polo que se refire aos recursos (aulas de uso xeral, aulas específicas, aulas-seminario, laboratorios e espazos con dotación específica, espazos para traballo en grupo dos/das estudantes, bibliotecas, recursos en rede para a docencia e outros servizos) como aos mecanismos para garantir a revisión e o mantemento (infraestruturas materiais e servizos necesarios). A facultade segue a padecer evidentes limitacións de espazo para un adecuado desenvolvemento da docencia o que a miúdo dificulta a organización de actividades de mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe, innovación docente, etc.

No relativo ás normativas de **accesibilidade** universal, todos os espazos da facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado. Non obstante, aínda hai campo de mellora na adecuación das instalacións de modo que, alén da accesibilidade, faciliten a plena integración nas dinámicas de ensino-aprendizaxe. Así, aínda que o centro acometeu importantes melloras relacionadas coa accesibilidade, considérase necesario retomar, no marco do plan de melloras para o curso 2019-20.

³⁶ INF.14

³⁷ INF.22

³⁸ INF.23

9. Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria

No relativo aos servizos, o **Campus Virtual e a Biblioteca** son, sen dúbida, os servizos xerais de apoio á docencia máis relevantes para o desenvolvemento dos programas formativos da Facultade de Ciencias da Educación.

O **Campus Virtual** é un recurso proporcionado polo [Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe da USC](#), utilizado na inmensa maioría das materias, e ofrece actividades formativas, no marco do Plan de Formación e Innovación Docente, orientadas a obter o maior rendemento desta ferramenta en tarefas de avaliación, comunicación interactiva e información ao estudiantado. En xeral, este servizo é valorado positivamente. O Campus Virtual é considerado polo estudiantado como útil para facilitar as xestións académicas polo alumnado das titulacións de Grao da Facultade, e supéranse, en todos os casos, a puntuación 3,5³⁹ (1-5).

A [Biblioteca InterCentros de Psicoloxía e Ciencias da Educación](#) conta cunha excelente dotación de fondos documentais, todos eles en acceso directo. O persoal da biblioteca ocúpase anualmente, antes do inicio do curso, de verificar e, no seu caso, completar a dispoñibilidade de exemplares de toda a bibliografía básica contida nos programas das materias de todas as titulacións do centro. A isto únese o amplo catálogo de bases de datos e publicacións electrónicas dispoñibles ás que os/as estudantes poden acceder desde as instalacións universitarias e, parcialmente tamén, desde fóra da USC mediante servizos de autenticación de usuarios. Por último, sinalar que dispón de zonas habilitadas para o traballo en grupos, autoservicio de impresión e despacho de reprografía. A satisfacción coa biblioteca aumenta nas titulacións do centro e aproxímase á media da USC. Todas as puntuacións recollidas das diferentes titulacións do centro superan o 3,8⁴⁰ (1-5).

En canto aos servizos de **orientación e acollida**, deixando de lado as accións que se realizan no marco de cada titulación (descritos no apartado: Directriz 3 desta memoria), nos servizos xerais da USC, hai que sinalar o [programa 'A Ponte'](#) para a orientación a futuros estudantes para o acceso ao Grao, que no marco da facultade se concreta na realización de charlas por profesorado da facultade ao alumnado de centros de ensino medio. Está tamén o [Servizo de participación e integración universitaria \(SEPIU\)](#), que identifica e alerta das demandas do estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo; a [Área de orientación laboral e emprego](#), que realiza actividades e provee información dirixida ao estudiantado no tramo final de estudos, para a súa incorporación ao mercado laboral, e o [Servizo de axudas e servizos ao alumnado](#), responsable da tramitación de bolsas de estudos, do servizo universitario de residencias e doutros servizos de apoio. A [Oficina de información universitaria \(OIU\)](#) orienta os e as estudantes sobre as prestacións de todos estes servizos e diríxeos a uns ou outros en función das necesidades.

No relativo aos servizos de **xestión académica**, a USC conta cun servizo centralizado así denominado, o [Servizo de Xestión Académica](#), para todos os procedementos administrativos derivados do estudo na USC; así, é o servizo encargado da tramitación, e tamén da orientación, nas cuestións de matrícula, solicitudes de validacións, consulta e certificación de expedientes, expedición de títulos etc. Trátase duns servizos dispoñibles telematicamente, a través da Secretaría Virtual do Alumno, o que permite realizar calquera trámite as vinte e catro horas do día desde calquera lugar. Outros dous elementos que complementan estes servizos son, por unha banda, no ámbito específico da facultade, a **Unidade de xestión do centro**, que atende a

³⁹ INF.22 INF.23 INF.09

⁴⁰ INF.09

determinados aspectos da xestión académica (tramitación de acordos de intercambio, informes de recoñecemento e validación parcial de estudos, creación de actas individualizadas de TFG/TFM e outras) e supón un punto de atención e contacto máis próximo ao estudiantado. Por outra, os **Servizos de administración electrónica da USC**, que facilitan a relación administrativa coa institución por vía exclusivamente telemática ao estudiantado e calquera outro grupo de interese (taboleiro-e, ferramenta de sinatura-e, rexistro-e, servizo de notificacións e consulta de expedientes administrativos-e etc.).

Para finalizar, considérase tamén como parte dos recursos materiais e servizos as **instalacións nas que se realizan prácticas externas**. En 2018-19 a Facultade de Ciencias da Educación conta con convenios que permiten dispoñer dun número de prazas suficientes para garantir a supervisión profesional individualizada de cada estudante e nunhas condicións axeitadas. A información relacionada Prácticum (das titulacións que realizan prácticas externas) encóntrase na páxina web da facultade:

- [Prácticum do Grao en Pedagogía](#)
- [Prácticum do Grao en Educación Social](#)
- [Practicum do Grao en Mestre/a de Educación Infantil](#)
- [Practicum do Grao en Mestre/a de Educación Primaria](#)
- [Practicum Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinos de Linguas. Ofrece prazas para todo o alumnado a través do convenio que o Centro ten firmado coa Consellería de Educación.](#)
- [Practicum Máster Universitario en Procesos de Formación](#)
- [Practicum Máster Universitario e Igualdade, Xénero e Educación](#)

Como pode observarse a continuación, o nivel de satisfacción coas prácticas externas é alto e mantense por encima do 3,4. Na maioría das titulacións mesmo é superior á media da USC (3,87)

Satisfacción do alumnado coas prácticas externas⁴¹:

Titulación	2018-19
Grao en Pedagogía	3,74
Grao en Educación Social	3,43
Grao en Mestre/a en Educación Infantil	4,27
Grao en Mestre/a en Educación Primaria	4
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino De Linguas	3,87
Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural E Desenvolvemento Comunitario	-
Máster Universitario en Procesos de Formación	3,89
Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación	3,59

⁴¹ IN19G

Directriz 6. Información pública

Estándar: O centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos.

- Aspectos a contemplar:
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública:
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información.
 - Medida da eficacia e utilidade da información pública.

A xestión da información pública da Facultade de Ciencias da Educación desenvólvese conforme ao exposto no proceso de soporte *PS-06, Información pública*, do seu SGC, como garantía de que toda a información relevante das titulacións que nela se imparte faise pública, revísase periodicamente e actualízase co fin de manter informados aos grupos de interese.

A canle principal para facer pública esta información é a páxina web institucional, que se organiza en varios niveis axustados ás necesidades dos diferentes grupos de interese. Nela está dispoñible toda a información que se relaciona na [Táboa de Información mínima a publicar](#), anexa ao manual do SGC que se revisa, e de ser o caso se actualiza, anualmente.

A nivel da facultade mantense o contido informativo máis enfocado aos grupos de interese internos á organización (estudiantado, profesorado e PAS, cun punto específico tamén para titores de Prácticum), que son o que acoden prioritariamente ao sitio web do centro. A información relevante atópase dun modo sinxelo na [Web da facultade](#) a través de diferentes seccións que informan sobre aspectos de interese para o desenvolvemento dos estudos (horarios, contacto do profesorado, información sobre Prácticum e TFG, mobilidade, programas das materias). Esta información actualízase antes do inicio do período de matrícula de cada curso (no mes de xullo) para que o estudiantado conte coa información académica necesaria para tomar as súas decisións sobre a matrícula. Co obxectivo de manter unha trazabilidade, particularmente para os procesos de avaliación institucional, pódese tamén acceder á información dos cursos precedentes.

A información relativa ao Sistema de Calidade (política de calidade, manuais do sistema, táboas de indicadores, memorias de calidade, plans de melloras) están publicados na web da facultade, no sitio 'Calidade', e, complementariamente, para as cuestións que son xerais da universidade (plan estratéxico da universidade, procesos institucionais, plan de auditorías, planificación anual das enquisas) na web da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC, principalmente nas seccións 'Sistemas de Garantía de Calidade' e 'Satisfacción dos grupos de interese'.

3. Plan de Melloras do Centro 2019-20

É necesario ter en conta dúas cuestións que, no momento de elaborar esta memoria, repercuten na proposta do Plan de Melloras do Centro para o curso 2019-20:

1. Que a actividade da USC (docente, investigadora, de xestión e laboral en xeral) está a desenvolverse telematicamente e en condicións restrinxidas debido ao estado de alarma e confinamento por causa da pandemia da COVID-19. Por este motivo, é previsible que algunhas das accións do Plan de Melloras Anual 2019-20 que se recollen neste documento teñan que ser adiadas ou reformuladas para o vindeiro curso.
2. Que a Facultade de Ciencias da Educación aínda estaba traballando no seu Plan estratéxico e, polo tanto, as accións de mellora foron definidas atendendo ás directrices dos Sistemas de Garantía de Calidade.

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	
1.	Revisar o SGIC para adecualo ás características e necesidades da facultade.
2.	Formar o alumnado delegado para que coñeza o SGIC e motivar a súa participación nas comisión de título.
3.	Continuar coa difusión para fomentar a cultura de calidade e participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción.
4.	Definir unha proposta de acción con grupos de interese: constitución e xuntanzas dun Comité Consultivo de Interese formado por diversas entidades que traballan profesionalmente en relación cos/cas profesionais das titulacións que se imparten na facultade (colexios profesionais, asociación, movementos de renovación pedagóxica etc.).

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2019-2020)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	A revisión do SGIC é unha tarefa continua xa que solo deste xeito poderá adecuarse ás características e necesidades da facultade.
